

PROXECTO
LINGÜÍSTICO
DO
CEIP MANUEL
PADÍN TRUITEIRO

ARCADE (SOUTOMAIOR)



DATA APROBACIÓN POLO CLAUSTRO: ABRIL 2021

DATA APROBACIÓN POLO CONSELLO: ABRIL 2021

CONTENIDO

1. CONSIDERACIÓNS PREVIAS A ESTE PL
2. INTRODUCCIÓN E XUSTIFICACIÓN
3. CARACTERÍSTICAS PRINCIPAIS DO CONTEXTO
 - 3.1. O CENTRO EDUCATIVO
 - 3.2. CONTEXTO SOCIAL, CULTURAL E ECONÓMICO
 - 3.3. CONTEXTO SOCIOLINGÜÍSTICO RESULTADO DO ESTUDO
4. OBXECTIVOS BÁSICOS
5. ACTIVIDADES
6. RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS
7. LINGUAS QUE SE DEBEN EMPREGAR NAS ÁREAS E MATERIAS
 - 7.1. EDUCACIÓN INFANTIL
 - 7.2. EDUCACIÓN PRIMARIA
 - 7.3. IMPARTICIÓN DE MATERIAS EN LINGUA ESTRANXEIRA: SECCIÓNS BILÍNGÜES
8. LINGUAS QUE SE DEBEN EMPREGAR NAS PROGRAMACIÓNS
9. MEDIDAS DE APOIO E REFORZO PARA O CORRECTO USO LINGÜÍSTICO E PARA O ALUMNADO CON INSUFICIENTE DOMINIO DAS LINGUAS
10. CURRÍCULO INTEGRADO DAS LINGUAS
11. AVALIACIÓN

Documento pedagógico-administrativo que especifica a distribución lingüística curricular, as medidas de apoio e reforzo para mellorar a competencia lingüística do alumnado e as actuacións encamiñadas a dinamizar o uso da lingua galega. Elaborado de acordo co artigo nº 14 do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.

1. CONSIDERACIÓNS PREVIAS A ESTE PL

Os Proxectos Lingüísticos de Centro (PL) son documentos que, de acordo coa lexislación vixente, deben ser elaborados cada catro anos: *cada centro, dentro do seu proxecto educativo, elaborará o seu proxecto lingüístico cada catro cursos escolares* (D79/2010).

Con carácter anual, elaborárase tamén unha addenda en que se fagan constar aquel conxunto de datos susceptibles de variación (resultados de enquisas ou consultas anuais sobre lingua de preferencia, información sobre os cambios aprobados polo centro e autorizados pola consellería, valoracións sobre as actividades levadas a cabo, etc.).

O PL vixente no CEIP Manuel Padín Truiteiro data do 2018, e aínda que se realizaron addendas posteriores, non deixaban de ser pequenas pinceladas sobre o contexto e as actividades levadas a cabo nesta materia para reflectilas na Programación Xeral Anual.

Para a renovación do actual PL cómpre realizar un estudo sociolingüístico que nos permita coñecer as características máis recentes do contexto en que se vai elaborar o novo documento. Este labor preséntase nun traballo previo que sustenta e nutre o propio PL, e que lle serve de piar fundamental, denominado Proxecto Sociolingüístico de Centro (PSC-2021), incluído como anexo a este PLC-2021.

Ademais, dáse unha circunstancia excepcional que condiciona a elaboración do noso PL-2021: no curso escolar 2018/2019 o CPI Manuel Padín Truiteiro foi obxecto dunha transformación que disolveu a configuración en tres niveis educativos (EI, EP e ESO) e pasou a ter un carácter ben distinto: a ESO trasladárase a un novo centro educativo (o IES Soutomaior), e o CPI pasou a ser CEIP, polo que integrou EI e EP nun mesmo recinto escolar.

Á vista das características particulares en que nace este PL-2021 (antigüidade do PLC-2018 anterior e reconfiguración do contexto real que se estuda), semella razoable adoptar unha serie de decisións que permitan que o labor actual de renovación do PL sirva aos contextos que se van configurar no futuro inmediato do próximo curso escolar. Por isto, decidimos:

- Elaborar un estudo do contexto sociolingüístico (PS-2021) considerando todos os niveis educativos (EI, EP), así como todos os ámbitos da comunidade educativa (familias, alumnado, profesorado, persoal non docente) que actualmente conforman o CEIP Manuel Padín Truiteiro. Estes datos iniciais do PS-2021 poderán nutrir os posteriores PL ou addendas derivadas durante os próximos cursos escolares.
- Levouse a cabo unha metodoloxía de traballo, análise e interpretación (PS-2021), así como de programación e valoración (PL-2021) distintiva tanto dos ámbitos como dos niveis educativos do noso CEIP para que no futuro cada nivel educativo dispoña dos seus datos por separado.
- O PL-2021 presenta de xeito preliminar e global as características principais do contexto sociolingüístico que define a nosa comunidade educativa sen afondar nas súas particularidades considerando o carácter efémero do contexto.

2. INTRODUCCIÓN E XUSTIFICACIÓN

As linguas constitúen un elemento básico de identidade cultural e representan un valor fundamental de cohesión dun pobo (Decreto 79/2010 de 20.05.10 para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia). O Estatuto de Autonomía (artigo 5) define a nosa lingua como propia de Galicia e dispón que os idiomas galego e castelán son oficiais neste territorio, e que todos teñen o dereito de coñecelos e usalos.

Os centros educativos son un dos primeiros espazos onde o individuo se forma en todo tipo de aprendizaxes e contidos, e neles cobran especial relevancia as linguas. Con todo, os estudos máis actualizados sobre a adquisición de idiomas revelan que esta se fai tamén, en boa medida, nas outras e variadas situacións de comunicación que se producen fóra das aulas de lingua, polo que é imprescindible ampliar as miras e fomentar o uso do galego en diferentes contextos para acadar o seu pleno dominio.

O sistema educativo, pois, deberá garantir o dominio das competencias comunicativas nas dúas linguas oficiais de Galicia e favorecer o coñecemento de linguas estranxeiras, útil na sociedade multicultural e globalizada en que vivimos. Para tal fin, deben levar a cabo unha axeitada planificación en materia de lingua. Este proceso debe ser meditado e consensuado, e debe basearse na consecución duns obxectivos realistas a curto, medio e longo prazo.

Neste marco básico, elabórase o presente Proxecto Lingüístico de Centro (PL), que ten como obxectivo principal deseñar a planificación lingüística no ámbito educativo do CEIP Manuel Padín Truiteiro.

De acordo coa lexislación vixente, unha axeitada planificación debe levar o alumnado a acadar os obxectivos lingüísticos establecidos con independencia da súa lingua inicial. Coa intervención de todos os axentes da comunidade e de acordo coas pautas básicas que se propoñen neste documento, que emanan da lexislación, preténdese que o alumnado acade a competencia lingüística necesaria para comunicarse nas dúas linguas oficiais da comunidade (galego e castelán), e tamén nunha lingua estranxeira (no noso caso, inglés). Ademais, perséguese implantar hábitos lingüísticos en galego e facilitar o uso desta lingua en todos os ámbitos da comunidade educativa.

O contexto plurilingüe que se promove mediante este plan enténdese como elemento de enriquecemento intelectual e cultural para o alumnado, e tamén como elemento que pode facilitarlle ao alumnado unhas oportunidades vitais de carácter práctico (no terreo da inserción laboral, da mobilidade, dos estudos superiores, etc.).

Segundo establece o Decreto 79/2010, o PL debe desenvolver os seguintes contidos básicos:

- As linguas que se deben empregar nas áreas, materias, módulos ou ámbitos de coñecemento distintos dos sinalados nos artigos 4 a 12 do antedito decreto.
- As medidas de apoio e reforzo para un correcto uso lingüístico escolar e educativo, co fin de alcanzar o obxectivo xeral establecido na Lei de normalización lingüística e na LOMLOE no que afecta ao fomento do plurilingüismo.
- Os criterios para determinar a lingua predominante do contorno a que se refire o artigo 7 deste decreto.
- As medidas adoptadas para que o alumnado que non teña o suficiente dominio das linguas poida seguir con aproveitamento as ensinanzas que se lle impartan.

O deseño deste proxecto lingüístico faise sobre a base do estudo da realidade sociolingüística da comunidade educativa do centro, con especial atención á do alumnado. Tomaremos como referencia tamén o estudo anterior, de 2018, para debuxar unha evolución dos usos comunicativos que o centro mostra durante os dez últimos anos. Destacamos e celebramos a alta participación dos distintos sectores na enquisa, sobre todo o correspondente ao alumnado, que supera o 95 % en todos os niveis educativos. O contexto que se presenta neste proxecto, xa que logo, reflicte con elevada fidelidade a realidade sociolingüística declarada polos entrevistados da comunidade educativa que constitúe o noso CEIP. A partir das condicións do contexto, establécense os obxectivos do proxecto e as medidas e actuacións propostas para acadalos.

O Proxecto Lingüístico de Centro 2021 do CEIP Manuel Padín Truiteiro baséase na seguinte lexislación:

- Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.
- ORDE do 30 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.
- ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.
- Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística.
- Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia e instrucións para a aplicación do decreto tras os pronunciamentos e sentenzas do TSXG.

- Decreto 124/2007 (DOG de 29 de xuño)
- Plan Xeral para a Normalización da Lingua Galega (22/09/04)
- Carta Europea de linguas rexionais e minoritarias de 1992 (ratificada polo goberno do Estado español en 2001).
- Marco europeo común de referencia para as linguas: aprendizaxe, ensino, avaliación.
- Consello escolar de Galicia
- Informes do Consello de Europa.

3. CARACTERÍSTICAS PRINCIPAIS DO CONTEXTO

3.1. O CENTRO EDUCATIVO

Localización

O CEIP Manuel Padín Truiteiro está situado no lugar de Negueirós, Arcade de Arriba, na localidade de Arcade, concello de Soutomaior. Este termo municipal, de case 25 km² de extensión, conta cunha poboación próxima aos sete mil catrocentos setenta e dous habitantes segundo datos do último censo do INE (2021). Aséntase ao fondo da enseada de San Simón, na ría de Vigo, coa que contacta polo oeste; limita polo norte cos concellos de Pontevedra e Pontecaldelas; polo leste, con Fornelos de Montes e, ao sur, cos concellos de Redondela e Pazos de Borbén. O río Verdugo, que se une co Oitavén neste concello, atravesa gran parte do seu territorio e serve, no seu traxecto final, para demarcar o límite co concello de Pontevedra.

Soutomaior divídese en dúas demarcacións principais: Arcade, que acolle o centro educativo, e Soutomaior, que é a que lle dá nome ao propio municipio.

Arcade constitúe o núcleo urbano do concello e ocupa a fronte costeira da vila. Nela sitúase a sede do concello e atopamos os principais servizos económicos (zonas comerciais, porto pesqueiro, etc.), administrativos, sociais (dispón de numerosas asociacións musicais, artísticas, grupo de teatro, etc.), culturais e de ocio (biblioteca, edificio de charlas e exposicións, porto deportivo, áreas recreativas, praias, punto de paso de peregrinos, etc.), polo que actúa como referente para as aldeas limítrofes.

Soutomaior, que cuadruplica en extensión o territorio de Arcade, en cambio, caracterízase por ser núcleo principalmente rural e de maior dispersión da poboación. Dispón de recursos económicos (sobre todo, produción vinícola), históricos e paisaxísticos (Castelo de Soutomaior, ponte medieval de Comboa, capela do Castro da Peneda, antigo Castelo de Castrizán, etc). No terreo sociocultural e deportivo, en Soutomaior atópase o colexio concertado Santiago Apóstol, o pavillón municipal e o campo de fútbol.

Historia e denominación

As instalacións do CEIP Manuel Padín Truiteiro ocupan actualmente dous edificios independentes que acollen os distintos niveis educativos ofertados polo centro. O edificio principal, construído en 1976 e situado en Arcade de Arriba, está destinado á Educación Infantil e Primaria e contén as dependencias de dirección e administración, xunto con outros espazos importantes (biblioteca, salón de actos, pavillón deportivo, etc.). No mesmo recinto escolar ampliouse a capacidade do centro en 1998 construíndo unha nova edificación na que están 5º e 6º e as aulas de Música, Inglés, Relixión, Laboratorio, Informática.

A denominación do centro contén unha referencia directa ao profesor Manuel Padín Truiteiro, veciño de Soutomaior, que perdeu a vida con 25 anos de idade, en abril de 1979, por intentar rescatar os seus alumnos logo de sufriren un accidente de circulación en Benavente durante unha excursión escolar. Tristemente, deste suceso só puideron sobrevivir 10 das 59 persoas que viaxaban no autocar.

Oferta educativa e distribución do alumnado

Cadro de persoal

O cadro de persoal do CEIP está composto por docentes, persoal administrativo e persoal non docente de acordo co seguinte esquema:

Nivel educativo	Persoal	
Educación infantil	8 docentes e 2 ATE	
Educación primaria	29 (docentes e un especialista de PT, un de AL e Orientadora) 2 Relixión itinerantes	1 conserxe 1 administrativo

Educación Infantil				
Grupos	3 anos	4 anos	5 anos	Total EI
A	18	16	20	
B	17	16	18	
Totais	35	32	38	105

Educación Primaria							
Grupos	1º	2º	3º	4º	5º	6º	Total EP
A	20	21	18	20	20	22	
B	21	21	17	21	19	20	
C			18				
Totais	41	42	53	41	39	42	258
TOTAL ALUMNADO							363

Ademais, existe outro conxunto de persoas que desempeñan labores non dependentes directamente do centro: persoal de mantemento, de limpeza, de atención no comedor, etc.

Área de influencia

O alumnado que se matricula no centro é orixinario na súa maioría do propio concello de Soutomaior. Existe un número de casos de alumnado procedente de familias inmigrantes, sobre todo, de Marrocos.

3.2. CONTEXTO SOCIAL, CULTURAL E ECONÓMICO


A información que se achega neste apartado obtense como resultado das enquisas elaboradas para o Proxecto Sociolingüístico do Centro (PSC 2021), así como doutros documentos (PSC 2018, PE, PXA, etc.), e da observación directa no propio centro escolar.

As familias de Educación Infantil (EI) e Educación Primaria (EP)

Como perfil principal, a partir dos resultados obtidos nas enquisas realizadas durante este curso, a maioría das nais é de idade máis nova cá maioría dos pais. Por niveis educativos, o 82,4 % das nais e o 65,2 % dos pais de EI posúen unha idade comprendida entre os 20 e 40 anos. A idade das nais en EP sitúase maiormente entre os 20 e 40 anos (52,8 %); a idade media dos pais ascende ao seguinte nivel, entre os 41 e 60 principalmente (54,5 %).

Idade das familias EI + EP + Global (por treitos etarios e sexos)

Enquisas PLC 2021. Datos en %




Na escala trimembre *básica, profesional* ou *universitaria*, a formación que declaran posuír as familias en EI é de carácter principalmente especializado e tanto para os homes como para as mulleres. A opción de estudos básicos aparece a pouca distancia como segunda opción. A formación universitaria, que desenvolve maioritariamente a muller, queda en minoría. En EP os datos son lixeiramente diferentes: a formación maioritaria das familias é de estudos básicos, seguido moi de preto pola especializada. Os estudos universitarios aparecen en terceiro lugar, a bastante distancia dos anteriores, e tamén protagonizados por mulleres.

Formación dos pais/nais/titores. EI e EP. Enquisas PLC 2021. Datos en %				
Formación	EI		EP	
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
Básica (EXB, ESO)	29.3	32	38.5	41.2
Profesional (FP)	44	40	33.8	30
Universitaria	10.6	22.7	10	19.2


As familias do nivel educativo de EI, en correspondencia coa súa formación, traballan principalmente en réxime de empregados (obreiro, oficinista ou similar) ou como comerciantes. Nótase unha ampla presenza de mulleres amas de casa. As familias de EP traballan con maior predominio en réxime de empregados (obreiro, oficinista ou similar) para o caso dos homes. Para as mulleres, en cambio, a profesión actual atópase sobre todo no seo da propia familia, como ama de casa, malia que tamén ten presenza no sector de empregada (obreira, oficinista ou similar). É tamén numeroso o sector que seleccionou a opción de *outros* na enquisa, entre os cales atopamos, realmente, ocupacións do mesmo réxime de empregados (sector hostalería, limpeza, automoción, transporte, mantemento, etc.).

É salientable o feito de que nos cursos máis baixos (polo tanto, o alumnado máis novo) se incrementa o número de pais e nais formados, e en especial, das mulleres que adquiren formación universitaria, e das nais que traballan fóra de casa.

Profesión actual (por sexos) EI. Enquisas PLC 2021



Profesión actual (por sexos) EP. Enquisas PLC 2021



Na súa maioría, as familias de EI son maiormente urbanas, pois definen como lugar de residencia Arcade (72,7 %), núcleo urbano do concello de Soutomaior. En menor medida, atopamos a zona rural do concello de Soutomaior (25,8 %). Datos similares definen a poboación de EP, que é maiormente urbana, pois o lugar de residencia destas familias é tamén Arcade (68,9 %). En menor medida, atopamos Soutomaior (26 %)

Se atendemos a dimensión étnica das familias, debemos sinalar a presenza importante de familias de orixe estranxeira froito da inmigración. Da totalidade deste grupo, existe un amplo sector de procedencia marroquí, tanto para EI (%) como para EP (%), que manifesta uns usos comunicativos no ámbito doméstico cos nenos/as a cargo en lingua árabe.

Tamén se atopan familias con outra orixe, como é o caso, en EI (%):

No nivel de EP (%), contamos con familias de orixe romana, portuguesa e inglesa. Estas familias declaran que lles ensinaron aos seus fillos a falar nestas linguas e os hábitos comunicativos familiares realízanse no ámbito doméstico tamén nas súas respectivas linguas principalmente, como veremos.

3.3. CONTEXTO SOCIOLINGÜÍSTICO RESULTADO DO ESTUDO

As conclusións do noso estudo son o resultado dunha análise realizada na comunidade educativa do CEIP Manuel Padín Truiteiro durante este curso escolar 2020/2021. Os datos que se manexaron obtivéronse do estudo sociolingüístico (PSC-2021) que se levou a cabo durante os meses de febreiro e marzo de 2021, e que pode consultarse integramente no apartado de Anexo deste PLC-2021.

En relación co propio estudo, diremos que os datos que expoñemos contemplan información relacionada cos usos, competencias e actitudes xerais que os membros da comunidade educativa posúen en relación coa lingua galega e castelá. A participación no estudo foi ampla e polo tanto os resultados que se mostran son bastante aproximados ao que poden ser as características definitorias da situación sociolingüística do noso CEIP.

En relación co ámbito das familias, debemos destacar que o castelán é a lingua que predomina como primeira opción tanto como lingua habitual coa parella, como a que se emprega cos nenos/as a cargo. O alumnado, pois, vive nun contexto familiar basicamente castelanizado.

Con todo, o galego toma certa presenza se interfire o factor idade, pois é a que predomina, por moi pouco, nas relacións dos pais cos avós. Non obstante, é importante mencionar que esta situación non se produce coas familias políticas, pois cos sogros (sobre todo as mulleres) empregan maioritariamente o castelán.

Esta situación lévanos a subliñar, como principal conclusión, que se percibe nas familias do noso alumnado unha evolución imparabile do fenómeno de ruptura da transmisión interxeracional do galego.

É importante a figura da muller como falante da lingua castelá coa parella e cos fillos, tamén nas súas relacións laborais, na veciñanza e nas amizades. Nestes tres últimos ámbitos, o home emprega maioritariamente o galego. A lingua que se emprega na escrita e nos servizos básicos (médico, banco, etc.) tamén é maioritariamente o castelán.

Percíbense maiores porcentaxes de castelán nas xeracións máis novas, especialmente, nas mulleres (familias de EI). É importante a presenza doutras linguas, sobre todo árabe, no contexto familiar do alumnado.

Existen bastantes actitudes positivas en relación coa lingua (considérase útil o galego, pensan que debe ser unha lingua de estudo e que debe fomentarse máis socialmente), e o galego ten bastante cabida nos hábitos de lectura das familias (libros, revistas, etc.), segundo manifestan.

En relación co ámbito do alumnado, debemos subliñar que, na súa maioría, declara ter como lingua inicial o castelán, que é a que tamén teñen como lingua habitual, e confirman que se crían nunha contorna familiar tamén castelán falante.

É significativo que en EP o nivel de lingua habitual que declara o alumnado para os seus pais/nais no contexto familiar en Galicia obteña a mesma porcentaxe có uso que o alumnado declara para *outras* linguas (árabe, inglés, chinés, portugués...). O nivel de uso de *só galego* en EP entre pais/nais e fillos/as é menor ao uso que teñen as linguas *outras* nas súas casas.

O alumnado considérase competente para empregar a lingua galega, e as súas actitudes non son negativas. Móstrase favorable a que se empregue a lingua galega con maior intensidade no centro escolar e a que tanto o galego como o castelán deben estar presentes en todos os ámbitos da vida cotiá en igualdade de condicións. Recoñece de xeito maioritario que empregarían máis o galego se os compañeiros tamén o falasen. Porén, son cada vez máis quen cambian os hábitos comunicativos ao castelán en practicamente todos os ámbitos da súa vida, sobre todo nas zona máis urbanas do concello, e son testemuñas de que só os maiores (a figura do avó) son quen realmente empregan con maior porcentaxe a lingua galega. Esta mesma conclusión podemos atopala no PS-2018.

A partir dos datos analizados, a día de hoxe, podemos afirmar que o alumnado utiliza o castelán como lingua habitual no centro escolar de forma maioritaria. A proporción de monolingües en galego é simbólica, pois está nunha media global para todas as etapas do 6 % (frente ao case 50 % en castelán). Esta situación é alarmante e débese facer fronte para evitar que o alumnado monolingüe en galego, procedente principalmente das zonas rurais do concello e das localidades veciñas escolarizado en galego, se vexa movido a instalarse no castelán ao non atopar no noso centro o contexto idóneo para a socialización na súa propia lingua. Malia que a maioría declara que non fala menos galego ca antes, existe unha porcentaxe de galegofalantes (12,2 %) que si o recoñecen. Nas aulas, o profesorado non ten a percepción de que exista alumnado monolingüe en galego, como vimos.

No centro coexisten outras linguas que son faladas por grupos realmente minoritarios. É destacable a existencia do árabe, utilizada polos inmigrantes asentados na localidade. Os usos comunicativos principais destas comunidades sitúanse na lingua castelá (vehicular para eles no centro), e contactan coa lingua galega unicamente nas clases ou reforzos que reciben. As súas linguas iniciais non teñen garantida a aprendizaxe

dentro do sistema educativo. Quedan relegadas exclusivamente ao ámbito familiar, xa que tampouco declaran un uso entre iguais durante os tempos de lecer (recreos e cambios de clase).

A pesar dos datos negativos, comprobamos que pode haber solución se hai vontade. O alumnado manifesta que comprende sen problema a lingua galega e mesmo se mostra favorable, na súa maioría (por riba do 80 % como media), a que se utilice o galego e se promova o seu uso no centro escolar. O alumnado procedente doutros países non manifesta ter dificultade para a comprensión do galego, aínda que si mostra dificultade obvia para poder falalo.

A maioría do profesorado declara que posúe como lingua inicial o castelán, lingua que tamén utiliza en maior proporción coas amizades, aínda que en niveis bastante igualados con relación ao galego.

No contexto docente, en cambio, empregan en maior grao o galego, sobre todo, na aula. Fóra das aulas, en cambio, mostran unha tendencia a empregar en maior proporción o castelán co alumnado, aspecto que non contribúe a normalizar a situación.

Manifestan posuír un nivel de competencia (percibida) alta sobre o galego, estarían dispostos a formarse, e tamén mostran maioritariamente unhas actitudes positivas para que se potencie o uso da lingua galega entre o estudiantado.

Estamos, pois, ante un contexto sociolingüístico que non tería problemas en asumir a lingua galega como vehicular no centro, tanto por parte do alumnado como do profesorado. Se, como comprobamos nas enquisas, a decisión lingüística do profesorado determina na maioría dos casos a lingua do alumnado, pechando o círculo, obtemos que o compromiso do profesorado se percibe como unha peza clave para o labor normalizador, para a promoción dos usos comunicativos en lingua galega e para a mellora da competencia comunicativa en galego entre o alumnado.

Precisamos un profesorado comprometido ou cando menos que asuma de xeito profesional as tarefas deseñadas desde o centro e que, co seu labor, se poidan acadar resultados positivos entre o alumnado.

O profesorado que se expresa en castelán pode contribuír ao proceso de prestixio do galego desde a súa lexítima elección lingüística permitindo visualizar tamén o galego como lingua de comunicación.

O Equipo Directivo xoga un papel importante no proceso de normalización. É fundamental o seu apoio para manter o galego como lingua vehicular do centro e para proxectala aos outros ámbitos da comunidade educativa.

O noso centro educativo posúe un ecosistema favorable por defecto, á vista dos usos comunicativos principais, ao castelán. Neste sentido, non é alleo aos hábitos actuais da nosa sociedade. Con todo, non se mostra desfavorable para que se desenvolva con maior predominio a lingua galega. O seu nivel de dotación de recursos educativos en lingua galega parece bo e opera en termos de documentación, actividades extraescolares e carteleiras tamén en lingua galega, a vulgar polos datos do noso estudo.

Neste espazo, vemos que pode convivir alumnado con situacións sociolingüísticas ben distintas, xa que se percibe unha base de respecto e actitudes favorables a que mesmo se amplíen os usos comunicativos en lingua galega. Por parte do profesorado, existe tamén unha actitude favorable para que incluso se visualicen outras linguas diferentes ás oficiais en Galicia.

Parece necesario, pois, traballar para que a realidade do centro educativo sexa tratada convenientemente con diversas actividades de dinamización conducentes ao incremento dos valores e actitudes cara á lingua, que detallamos no seu apartado correspondente.

No concello de Soutomaior predomina a lingua castelá en moitos dos ámbitos de desenvolvemento social habituais (médico, bancos, traballo, relacións coa veciñanza, amizades, etc.). En cambio, atopámonos nun contexto en que as entidades locais (concello e asociacións culturais, de veciños e empresariais) empregan o galego de forma maioritaria. O papel normalizador da lingua que xoga de acordo coa lei o concello como institución é moi importante, á vista dos datos que manexamos, e valórase como positivo.

4. OBXECTIVOS BÁSICOS

O obxectivo final que sinala a lexislación para todas as etapas educativas é que os nenos e nenas do sistema educativo galego acaden, ao remataren os distintos tramos educativos, a mesma competencia lingüística tanto en lingua galega como castelá. O PL debe garantir, pois, que:

- O alumnado galego con lingua galega como L1 poida mantela e consolidar unha competencia plena nela.
- O alumnado galego con lingua castelá como L1 adquira plena competencia en galego ofrecéndolle espazos e momentos de uso.
- Que todo o alumnado adquira competencia plena en lingua castelá.
- Que todo o alumnado adquira competencia plena noutra/s linguas L3.

Neste sentido, e á vista das conclusións obtidas no noso estudo, obtemos que un dos principais obxectivos do traballo lingüístico no centro é acadar que, cando menos, os nenos e nenas galegofalantes non perdan a oralidade na súa lingua por mor da situación sociolingüística que atopan ao chegaren ao centro e tamén contactaren coa súa contorna.

Outro dos retos importantes é equiparar a adquisición de competencias lingüísticas por parte do alumnado nas dúas linguas cooficiais de Galicia, castelán e galego.

De acordo con estes obxectivos centrais e a partir dos datos analizados, establecemos os seguintes obxectivos para este Proxecto Lingüístico de Centro:

1. Frear o cambio lingüístico que se está a producir no noso centro escolar en todas as etapas e potenciar o uso da lingua galega entre o estudantado. Resulta prioritario dedicar especial atención aos usos orais e cómpre traballar a eliminación dos prexuízos. Polo tanto, é importante conseguir que o noso alumnado valore o uso da lingua galega e a empregue con normalidade no centro.
2. Mellorar a competencia lingüística en galego. É esencial reducir a inseguridade que algúns senten, sobre todo, á hora de escribir e falar.
3. Mellorar a competencia lingüística en castelán.
4. Mellorar a competencia nas outras linguas estranxeiras curriculares: inglés.
5. Valorar as linguas que traen os estudantes que veñen de fóra da Galicia. É fundamental que lles demostramos que as respectamos e que nos sentimos interesados por elas. Cómpre darlles oportunidades para que poidan mostrar as súas linguas e culturas, de xeito que todos nos poidamos arriquecer.
6. Involucrar ós ciclos no proceso de normalización. Pedir que nas programacións de todos os ciclos se teña en conta a competencia lingüística en lingua galega e a organización de actividades que a melloren: realizar exposicións orais, valorar a expresión (ortografía, puntuación, variación léxica e sintáctica) nos exames en materias non lingüísticas... Isto inclúe o labor de ofrecerlle ao alumnado referencias bibliográficas ou recursos educativos tamén en lingua galega.
7. Levar a cabo medidas para que tanto o alumnado inmigrante como o alumnado con necesidades educativas especiais poida seguir con aproveitamento as ensinanzas que se lle impartan.
8. Diseñar un conxunto de actividades complementarias para mellorar as competencias e a calidade do ensino.
9. Fornecer de material básico ao profesorado ou darlle a coñecer recursos de internet útiles para mellorar a súa competencia. Ofrecer, en xeral, asesoramento lingüístico a toda a comunidade.
10. Fomentar o uso da lingua galega nas entrevistas cos pais por parte dos titores/as.

Así mesmo, á vista dos resultados obtidos no Proxecto Sociolingüístico de Centro 2021, reafirmamos os obxectivos sinalados no Plano de Fomento da Lingua Galega para o curso 2020-21 elaborado polo EDL, e que se recolle no Proxecto Educativo de Centro e na Programación Xeral Anual:

- Fomentar, de acordo coa lexislación vixente, o uso da lingua galega como lingua oficial do centro, tanto oral como escrita, e en todos os ámbitos: no uso interno -vida administrativa- e no uso externo -relacións coa comunidade (concello, institucións, comercio, etc.).
- Garantir os dereitos lingüísticos dos galegofalantes no seo da nosa comunidade educativa, nomeadamente no caso do alumnado.
- Eliminar os prexuízos lingüísticos en todos os ámbitos e en toda a comunidade escolar a través da sensibilización idiomática e a promoción da análise crítica dos preconceptos existentes sobre a lingua.
- Consolidar o galego como lingua habitual dos grupos xa instalados no idioma e procurar avances nos individuos bilingües con predominancia do castelán ou monolingües en castelán.
- Fomentar entre os pais e as nais do noso alumnado o uso en galego cos seus fillos valorizando o seu papel como transmisores fundamentais da lingua.
- Mellorar as destrezas lingüísticas, nomeadamente as activas, do alumnado e do profesorado e que este maior dominio repercuta de forma efectiva no uso habitual da lingua.
- Reforzar a dimensión comunicativa e instrumental do galego en relación con usos artísticos e comunicativos, ligando o seu uso aos modos de vida máis actuais e vangardistas e aos usos lúdicos do idioma.
- Difundir a lexislación actual e facilitar información legal en materia lingüística aos diferentes órganos e membros da comunidade educativa.
- Implicar o maior número de alumnado posible nas actividades do EDL para que as actuacións teñan unha maior repercusión.
- Xerar dinámicas de traballo que supoñan unha toma de contacto e de corresponsabilidade do alumnado, o profesorado e o persoal non administrativo co EDL.
- Fomentar os valores funcionais, identitarios e diferenciais do idioma.
- Fomentar a presenza do galego nas novas tecnoloxías.
- Promover relacións coas sociedades, colectivos e administracións da contorna escolar que teñan incidencia na comunidade educativa.

5. ACTIVIDADES

Atendendo o marco lexislativo mencionado, o centro debe expoñer as estratexias que permitan garantir a adquisición oral e escrita cunha competencia similar nas dúas linguas oficiais. A realidade social que atopamos e tentamos describir neste documento implica un esforzo notable pola dignificación e valoración do galego, xa que a súa situación diglósica e o seu estado de minorización con respecto á lingua castelá así o requiren.

Ademais das propostas concretas que se foron apuntando, debemos facer referencia a todas as actividades levadas a cabo desde o Equipo de Dinamización da Lingua Galega (contempladas no proxecto de fomento do uso do galego deste curso), desde a Biblioteca escolar, e, en fin, desde todos os ciclos e equipos que contribúen de forma activa e comprometida na proposta e desenvolvemento de iniciativas que permiten traballar na educación e mellora tanto das competencias comunicativas como nas actitudes e valores vinculados co uso e consideración das linguas.

Deste xeito, podemos salientar as actividades seguintes, de interese fundamental para a promoción da lingua e dos hábitos escritores e lectores, que son levadas a cabo no centro escolar:

- Club de lectura do centro, en diferentes cursos educativos.
- Revista escolar: *Latexos*, que comprende todos os niveis educativos.

- Programa de radio levado a cabo en EP.
- Equipos de teatro e/ou montaxes teatralizadas.
- Elaboración de produtos TIC: videoclip, blogs, podcast, narrativas dixitais, campañas de creación de versos en rede, etc.
- Organización de charlas, conferencias, visitas de escritores, etc.
- Realización de obradoiros específicos de lingua, dobraxe e creación literaria.
- Celebración de actividades e xogos tradicionais: Magosto, Entroido, Maíos, etc.
- Realización de actividades lúdicas lingüísticas (xogos, pasatempos, adiviñas, etc.)
- Participación en actividades que fomentan o uso da lingua (certames, xogos literarios, lecturas compartidas, apadriñamentos lectores, etc.). Tanto a nivel local como doutras administracións que redunden no coñecemento da realidade galega e o fomento da lingua.
- Saídas educativas que permitan coñecer a cultura galega en toda a súa dimensión (música, arte, cine, política, etc.): visita a museos, auditorio, parlamento, etc.

Se consideramos os principais ámbitos analizados na enquisa PLC 2021, e de acordo cos resultados obtidos postos en relación cos obxectivos antes sinalados, obtemos que as principais actividades que se deseñan especificamente son as seguintes, levadas a cabo polo EDL (recollidos no PFG, PXA e PE do centro):

- Contorno sociolingüístico do centro:
 1. Participación nas campañas de difusión e promoción do galego organizadas polo noso concello: concurso de postais de Nadal, sesión de contos, teatro, día da camelia, día do libro, certame do día das letras galegas...
 2. Colaboración cos comerciantes locais de Arcade no Nadal, empregando o galego nas mensaxes promocionais das campañas comerciais.
 3. Organización de actividades en colaboración con entidades locais (concertos didáctico-musicais coa Escola de Música da Banda Artística de Arcade, e con artesáns e músicos tradicionais).
 4. Concienciación de entidades e institucións locais para fomentar o emprego da lingua nos seus escritos e actividades.
- Profesorado:
 1. Difusión do labor do EDL a través de blog e webs do centro.
 2. Organización de charlas (escritores, personaxes públicos, que empreguen o galego na súa profesión) para prestixiar o idioma en todos os eidos.
 3. Difusión de información ao profesorado sobre materiais didácticos, lingüísticos e pedagóxicos existentes, que permitan un incremento da docencia en lingua galega: publicacións, películas, CD, etc.
 4. Realización de unidades didácticas dedicadas aos seguintes centros de interese: Samaín, Magosto, Entroido, Maíos, Letras Galegas,...
 5. Organización de campañas orientadas á desaparición dos prexuízos lingüísticos: slogans, carteis, anuncios na radio escolar e na revista *Latexos*.
 6. Proporcionaremos información sobre a normativa que regula o uso da lingua.
 7. Realización de actividades e colaboración con outros centros educativos para o fomento do uso do galego.
- Alumnado:
 1. Promoción e sensibilización sociolingüística do galego (murais, concursos de visibilización do EDL, enquisas, proxectos de sensibilización das linguas minorizadas, participación no Correlingua, etc.).
 2. Dentro do proxecto de Xornalismo na Escola:

- a. Suxestións para a realización dos programas de radio, atendendo así aos seus intereses e gustos.
 - b. Difusión dos nosos traballos a través do noso blog.
 - c. Edición da revista escolar en galego *Latexos*.
3. Emprego das TIC para o espallamento do galego na rede.
 4. Promoción das competencias básicas en galego (lectura e escrita, expresión oral):
 - a. Biblioteca escolar mediante a creación dunha mascota.
 - b. Participación en concursos de redacción, debuxo, etc., organizados polo concello ou asociacións culturais da localidade.
 - c. Campaña de lectura no Nadal e no Día do Libro.
 - d. Clubs de lectura para promover o gusto pola lectura entre o alumnado
5. Desenvolvemento do proxecto *Coñecemos as nosas institucións* (visitas para coñecer mellor a nosa historia, institucións, tradicións, música, cultura...): Visita ao Museo do Pobo Galego, Parlamento de Galicia, Mupega, saída á nosa ría...
 6. Proxecto sobre dimensión histórica da lingua galega: visita á exposición sobre o Pergamiño Vindel, obradoiro de elaboración de códices, realización dunha charla/concerto medieval, etc.
 7. Actividades tendentes a demostrar a viabilidade do galego noutros ámbitos, como o científico, o xudicial, o audiovisual, o musical, etc.
 8. Proxecto *Coñecemos as nosas celebracións*: magosto, Nadal, Samaín, Día da Paz, Entroido, Día Internacional da Muller, Día das Letras Galegas, etc.
 9. Sesións de contacontos feitos polo alumnado de Primaria.
- Situación lingüística do centro:
 1. Seguiremos empregando o galego nos documentos de relación coas familias e co contorno social: correspondencia, boletíns, publicacións, comunicados...
 2. Teremos en galego todo tipo de carteis, letreiros e avisos...
 3. Usaremos a lingua galega nos actos organizados polo centro.
 4. Colaboraremos con actividades comúns coa ANPA, asociacións de montes, Monte Vivo: plantación de árbores, contacontos, saídas...

6. RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS

Recursos humanos

- Todo o profesorado do centro e persoal non docente.
- ANPA.
- Outros centros educativos da zona e outros EDLG, sobre todo, dos centros adscritos.
- Concellería correspondente e SNL do concello de Soutomaior.
- OMIX do Concello.
- Secretaría Xeral de Política Lingüística.

Recursos materiais

- Dotación bibliotecaria escolar: dicionarios variados, libros de lectura, libros de consulta, ordenadores de traballo e consulta, enciclopedias...
- Dotación das aulas:
 - Dicionarios de consulta e bilingües
 - Ordenador con conexión a internet e software en galego (con programas que permiten o desenvolvemento das sesións)
 - Pantalla dixital
- Aula de informática con ordenadores con conexión a Internet, canón, etc.

- Fotocopiadora e outros recursos ofimáticos do centro.
- Taboleiro de anuncios específico para novidades en materia de lingua.
- Material achegado por distintas institucións sobre dinamización e normalización lingüística e promoción da lingua e cultura galega.

7. LINGUAS QUE SE DEBEN EMPREGAR NAS ÁREAS E MATERIAS

Na nosa contorna castelán falante, o reto segue a ser que os alumnos consoliden unha competencia plena na súa lingua, que adquiran destrezas na lingua galega e actitudes e valores positivos en relación con esta lingua, así como que acaden unha boa competencia tanto a nivel oral como escrito.

Con este espírito, desde o Decreto 79/2010 do 20 de maio para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia determínanse as condicións en que se deben desenvolver lingüisticamente as diversas áreas do coñecemento, que en última instancia e baixo este recoñecemento legal deben establecerse por acordo da Comisión de Coordinación Pedagóxica do centro.

Tal e como queda recollido na PXA do centro, aprobada en outubro de 2020, para o noso centro establécese a distribución de linguas por materia e área que se detallan a continuación.

7.1. EDUCACIÓN INFANTIL

Segundo establece o Decreto 79/2010 do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, no seu artigo 5º, na etapa de educación infantil, o profesorado usará na clase a lingua materna predominante entre o alumnado, terá en conta a lingua do contorno e **coidará de que o alumnado adquira, de forma oral e escrita, o coñecemento da outra lingua oficial de Galicia, dentro dos límites propios da correspondente etapa ou ciclo.**

No caso de contornos castelán falantes, a utilización nesta etapa da lingua galega como lingua de comunicación e ensinanza será, como mínimo, igual á da lingua castelá. Fomentárase a adquisición progresiva da lectura e da escritura en galego, no sentido de que este se converta no idioma base da aprendizaxe, de xeito que o alumnado obteña unha competencia que lle permita comunicarse normalmente en galego co alumnado e o profesorado.

O Tribunal Superior de Galicia anulou o carácter vinculante da enquisa, polo que non será determinante para establecer a lingua na que se impartirán as clases na educación infantil do noso centro, pero tratamos de facer un reparto equitativo.

En canto ao uso da lingua nas clases, o profesorado de educación infantil terá en conta as seguintes premisas:

- Atenderá de xeito individualizado ao alumnado, tendo en conta a súa lingua materna.
- Procurará que, dentro das limitacións propias do ciclo, o alumnado adquira as dúas linguas oficiais da nosa Comunidade Autónoma.

A consecución do obxectivo anterior determina as actividades e estratexias de aprendizaxe, entre elas a elección da lingua do material impreso (libros, fichas, etc.), que o equipo de mestras do ciclo selecciona procurando un adecuado equilibrio entre as dúas linguas oficiais.

Lingua que se vai utilizar en Educación Infantil

Utilizarase de maneira equilibrada o galego e o castelán (50% das materias do currículo para cada unha delas).

7.2. EDUCACIÓN PRIMARIA

No artigo 6º o decreto 79/2010 establece o seguinte: impartiranse obrigatoriamente en galego as áreas de Naturais, Sociais, (ciencias sociais e área de ciencias naturais), garantindo a competencia lingüística propia do nivel nas dúas linguas oficiais da comunidade autónoma. Impartirase en castelán as matemáticas.

Cada centro educativo, segundo o procedemento establecido no regulamento de centros, decidirá a lingua en que se impartirá o resto de materias de cada curso, garantindo que as materias en galego e en castelán se distribúen na mesma porcentaxe de horas semanais, sen prexuízo do disposto no capítulo IV (sobre a impartición de materias en linguas estranxeiras). Este proceso realizarase cada catro cursos escolares.

De acordo coa PXA vixente, neste centro, á marxe das materias enumeradas neste artigo do Decreto, en Educación Primaria impartiranse as materias de acordo coa seguinte distribución de idiomas:

Materias impartidas en lingua galega: Ciencias Naturais, Ciencias Sociais, Educación Física, Educación Artística (Plástica), Valores en 4º e 6º

Materias impartidas en lingua castelá: Matemáticas, Educación Artística (Música), Relixión Católica /P. Competencial

7.3. IMPARTICIÓN DE MATERIAS EN LINGUA ESTRANXEIRA: SECCIÓNS BILÍNGÜES

Tal e como se establece no noso PE, cando a dispoñibilidade de profesorado o permita, o centro solicitará autorización para impartir determinadas materias do currículo en lingua estranxeira (inglés), dentro do programa de Seccións Bilingües.

Para que un alumno ou alumna poida participar neste programa o centro deberá contar coa autorización de seus pais ou titores legais. De acordo coa PXA, para potenciar a aprendizaxe do inglés, durante o presente curso, 2020-2021, hai dúas seccións bilingües nas seguintes materias:

5º E. Primaria e 6º E. primaria na materia de Plástica.

No Artigo 5.4. da Orde do 12 de maio de 2011 pola que se regulan as seccións bilingües en centros sostidos con fondos públicos de ensino non universitario, establece como unha das funcións do/a coordinador/a de seccións bilingües a de titorizar, como é no noso caso, a persoa nativa de apoio ao programa (auxiliar de conversa). Na PXA contéplase e descríbese esta medida:

- A profesora de inglés, Ana Agra, coordinadora das seccións bilingües que se están a desenvolver na etapa de Primaria no noso centro.
- A coordinadora do Programa de Seccións Bilingües dispón dunha hora á semana para coordinación e seguimento. A hora asignada para tal efecto é os

8. LINGUAS QUE SE DEBEN EMPREGAR NAS PROGRAMACIÓNS

Segundo se dispón no Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia (artigo 3º):

1. Na Administración educativa de Galicia e nos centros de ensino sostidos con fondos públicos utilizarase, con carácter xeral, a lingua galega e fomentarse o seu uso oral e escrito, tanto nas relacións mutuas e internas como nas que manteñan coas administracións territoriais e locais galegas e coas demais entidades públicas e privadas de Galicia, sen que iso supoña unha restrición dos dereitos do persoal docente.

2. As programacións e outros documentos didácticos das materias de lingua redactaranse, con carácter xeral, na lingua respectiva.

3. Nas actuacións administrativas de réxime interno dos centros docentes indicados no punto 1 deste artigo, como actas, comunicados e anuncios, usarase, con carácter xeral, a lingua galega, agás no referido a comunicacións con outras comunidades autónomas e cos órganos da Administración do Estado radicados fóra da comunidade autónoma, en que se utilizará o castelán. Ademais dos procedementos iniciados de oficio, tamén se usará o galego nos procedementos tramitados por petición dos interesados, sen prexuízo do establecido no artigo 36.3º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

9. MEDIDAS DE APOIO E REFORZO PARA O CORRECTO USO LINGÜÍSTICO PARA O ALUMNADO CON INSUFICIENTE DOMINIO DAS LINGUAS

No noso centro convive alumnado moi diverso canto ao rendemento, á satisfacción dalgunha necesidade educativa especial, a situacións de atraso escolar que precisan adaptacións curriculares significativas, etc. Son especialmente importantes aqueles casos de alumnos que presentan competencias culturais e sociais que cómpre traballar, sobre todo, por tratarse de alumnado inmigrante.

O presente apartado abrangue aquelas medidas de carácter organizativo e curricular que sexa preciso desenvolver no caso de alumnado que presente un déficit lingüístico ou insuficiente dominio das linguas.

ALUMNADO EN XERAL

Vistas as características que definen o uso da lingua galega e tamén os resultados obtidos no grao de percepción que os usuarios posúen en relación coa lingua (enquisa do PL 2021), suxírese que os ciclos primen aquelas actividades que reforcen o aspecto oral da lingua, en especial, a expresión.

Non obstante, promoverase tamén a escoita, posto que sempre se tende a reforzar a expresión escrita e nos atopamos con frecuencia con alumnos/as que non se expresan oralmente con coherencia e fluidez, que non saben defender unha idea con razoamentos válidos, que non sabe escoitar e respectar a quenda de palabra, etc.

Serían recomendables actividades máis frecuentes que implicasen o uso oral da lingua (exames orais, presentacións, debates, xuízos ficticios, manifestacións musicais de improvisación oral, etc.).

Desde os departamentos promoverase a mellora da competencia lingüística do alumnado, posto que esta non depende só das materias de linguas (oficiais e estranxeiras), senón que son responsabilidade de todo o profesorado. Tamén se suxire que valoren, en relación co exposto neste proxecto, a variedade lingüística do alumnado estranxeiro achegando textos ou referencias ás linguas e/ou países de procedencia.

Finalmente, suxírese tamén que o profesorado, aínda que non lle corresponda dar a súa materia en galego, faga algún tipo de actividade que lle dea protagonismo, como por exemplo introducir de cando en vez textos ou referencias que contribúan a prestixiar ese idioma

ALUMNADO CON DIFICULTADES. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE. O REFORZO DE LINGUAS

Tal e como se recolle na PXA, cando se identifica alumnado con necesidades educativas específicas (observadas durante a acción tutorial, por informes previos de orientación, etc.), deben determinarse as prioridades de intervención e, en caso necesario, adoptar as medidas ordinarias e/ou extraordinarias que sexa necesario. A partir da detección e valoración inicial das necesidades organizaranse os apoios e estableceranse as medidas pertinentes, tanto de apoio en aula por parte do profesorado como dos especialistas de Pedagogía Terapéutica ou Audición e Linguaxe, segundo os casos.

Por niveis educativos, establécese o seguinte:

EDUCACIÓN INFANTIL

- Programa de prevención de dificultades na linguaxe e comunicación por parte da especialista en audición e linguaxe.

EDUCACIÓN PRIMARIA

- Reforzo educativo.
- Apoios na aula.
- Valoración na necesidade de permanencia un ano máis no curso.

EN TODAS AS ETAPAS EDUCATIVAS

- Medidas ordinarias de carácter xeral

Estas poden contemplar tarefas de reforzo ou de ampliación, segundo os casos. Proposta de fichas de traballo que desenvolven distintas competencias (mellora da escrita ou da oralidade, prácticas de lectura e comprensión textual, etc.), realización de prácticas que traballan a mellora do corpus léxico e a ortografía do discente (xogos lingüísticos, actividades con imaxes, relacións semánticas, etc.).

- Adaptacións metodolóxicas e seguimento individualizado.
- Adaptación e diversificación dos sistemas de avaliación ao alumnado dependendo das circunstancias persoais.

Deberán potenciarse as catro destrezas lingüísticas para acadar unha competencia lingüística equilibrada. Neste sentido, os ciclos deberán reflexionar sobre a pouca importancia que tradicionalmente se lle deu á comunicación oral e tratarán de fomentar a escoita activa e crítica e a expresión oral coherente e razoada.

Cómpre considerar outro conxunto de alumnado con necesidades especiais, como por exemplo, aqueles que presentan dificultade visual ou auditiva. Debemos aproveitar esta ocasión sempre para traballar e arrequecer as competencias e valores do resto do alumnado (por exemplo, a existencia doutros códigos comunicativos), actividades que tamén serán convenientemente programadas en relación coa lingua.

ALUMNADO PROCEDENTE DOUTRAS COMUNIDADES AUTÓNOMAS ESPAÑOLAS

Danse casos en que no centro se matricula alumnado procedente doutras comunidades autónomas e non coñece a lingua propia de Galicia. Para eles, a lexislación prevé a exención da materia de lingua galega durante un curso académico.

Aplicase, ante esta situación, unha orde que ten por obxecto regular os distintos supostos excepcionais e taxados en que o alumnado pode solicitar a exención da materia de lingua galega nos diferentes niveis e etapas do ensino non universitario: *Orde do 10 de febreiro de 2014 pola que se desenvolve o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, con relación á exención da materia de lingua galega.*

O Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, fai compatible o carácter obrigatorio do estudo da materia de lingua galega en todos os niveis educativos non universitarios con determinadas causas taxadas que xustifican o réxime das exencións posibles, segundo a regulación prevista nos artigos 18 e 19 daquela norma, que se caracterizan pola concorrencia dos seguintes requisitos:

- a) Que a xustificación da exención atope fundamento nunha circunstancia obxectiva de incorporación *ex novo* ao sistema educativo de Galicia.
- b) Que o alumnado de nova incorporación proceda doutras comunidades autónomas ou dun país estranxeiro.

- c) Que a incorporación ex novo ao sistema educativo de Galicia se produza no terceiro ciclo de educación primaria.

ALUMNADO INMIGRANTE

Nos resultados da enquisa PL 2021 e na propia PXA (2020/2021) queda referido que o noso CEIP ten un elevado número de alumnado estranxeiro, principalmente de procedencia marroquí (10% da matrícula total). Moitos destes alumnos levan varios anos no noso país, pero aínda presentan dificultades para adquirir un suficiente dominio das linguas, sexa castelán ou galego.

As necesidades educativas que presenta este grupo de alumnos/as, sobre todo os que descoñecen as dúas linguas oficiais da nosa Comunidade Autónoma, requiren dunha atención específica que lles permita acadar unha axeitada competencia comunicativa nos dous idiomas, dada a importancia do dominio da lingua no éxito ou fracaso escolar.

Ademais das medidas de exención da lingua galega a que se pode acoller este alumnado (detalladas na *Orde do 10 de febreiro de 2014 pola que se desenvolve o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, con relación á exención da materia de lingua galega*), pódense poñer en práctica outra serie de medidas complementarias.

Con todo, o centro non conta con profesorado específico para a atención deste alumnado, polo que as medidas que se adoptarán serán aquelas que se poidan levar a cabo aplicando os protocolos que establece a lei e contando só coa dispoñibilidade horaria do seu cadro de profesorado:

- Actividades de apoio ou de inmersión lingüística cando exista profesorado con horario dispoñible.
- Atención individualizada dentro da aula por parte do profesorado tutor.

Non obstante, dadas as circunstancias de chegada de alumnado procedente do estranxeiro que non domine ningunha das linguas da nosa comunidade, debe poñerse en marcha un protocolo de acollida.

VER PLAN DE ACOLLIDA A ALUMNADO ESTRANXEIRO

PLAN DE ENSINO DA LINGUA ÁRABE E CULTURA MARROQUÍ

O CEIP establece desde hai anos un programa de ensino destinado ao alumnado marroquí acordado a través dun Convenio establecido entre o Reino de Marrocos, por medio da súa Embaixada, e o goberno español, por medio do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, en colaboración coas CCAA (asinado en 1980 e en vigor dende o 12 de outubro de 1985, BOE 10-10-1985). Entre os obxectivos do programa, cabe destacar:

- O ensino da lingua árabe e da cultura marroquí ao alumnado marroquí escolarizado en centros educativos españois de ensinanza Primaria e Secundaria. Tamén ao alumnado non marroquí que o desexe, o que non só autorizan senón que tamén promoven as autoridades marroquís.
- Integración escolar destes alumnos no sistema educativo. Proporcionar ao alumnado marroquí unha formación que lle permita salvagardar a súa identidade, vivir a súa cultura respectando a do país de acollida, ter confianza neles mesmos e no seu porvir deixando de lado os aspectos negativos que poidan xerar os efectos da inmigración.
- Fomento da educación intercultural. A inclusión escolar e sociocultural deste alumnado no Sistema Educativo Español e na sociedade española dende unha perspectiva educativa Intercultural.

Neste programa participan centros educativos das catro provincias que contan con catro docentes directamente enviados polo Reino de Marrocos, a través da súa Embaixada. No noso centro, tal e como se recolle na PXA, recóllese dentro do conxunto de actividades extraescolares e desenvólvese os martes pola tarde, de 16:30 a 17:30 horas.

Neste momento temos matriculados alumnos/as en Primaria, ben por nacemento ou por orixe familiar. O centro enviou ás familias as autorizacións pertinentes para que poidan acudir a estas clases, que comezaron o primeiro martes de outubro.

10. CURRÍCULO INTEGRADO DAS LINGUAS

Un dos obxectivos educativos e pedagóxicos que establece o PE do noso centro é *Abordar a aprendizaxe lingüística dunha maneira integrada e interdisciplinar en todas as áreas do currículo.*

Currículo integrado das linguas (CIL)

Os centros docentes impartirán de xeito integrado o currículo de todas as linguas da súa oferta educativa, co fin de favorecer que todos os coñecementos e as experiencias lingüísticas do alumnado contribúan ao desenvolvemento da súa competencia comunicativa plurilingüe. No proxecto lingüístico do centro concretaranse as medidas tomadas para a impartición do currículo integrado das linguas. Estas medidas incluírán, polo menos, acordos sobre criterios metodolóxicos básicos de actuación en todas as linguas, acordos sobre a terminoloxía que se vaia empregar, e o tratamento que se lles dará aos contidos, aos criterios de avaliación que serán similares en cada materia lingüística, de xeito que se evite a repetición dos aspectos comúns á aprendizaxe de calquera lingua.

É fundamental, pois, que se traballen as linguas conxuntamente, e deben concretarse neste documento as medidas que os titores/as de lingua adoptan en relación con estes aspectos importantes coa finalidade de favorecer as experiencias lingüísticas do alumando evitando as repeticións comúns:

- Criterios metodolóxicos básicos.
- Acordos sobre a terminoloxía empregada.
- Tratamento dos contidos e dos criterios de avaliación similares.

En relación con este aspecto, desde hai anos no CEIP Manuel Padín Truiteiro estanse a aplicar de xeito coordinado entre os Mestres/as de lingua galega e castelá unha serie de medidas que contribúen a que as linguas se impartan curricularmente de xeito integrado nos niveis de 5º e 6º de e.Primaria.

- Criterios metodolóxicos básicos:
 - Adopción da mesma metodoloxía de análise morfolóxica (canto ao proceso de segmentación de unidades menores)
 - Metodoloxía común na análise sintáctica (sintaxe rexida polo procedemento funcional) baseada na análise arbórea dos enunciados.
 - Aplicación das mesmas pautas de análise textual (esquemas e procedementos de análise e síntese de textos narrativos, poéticos e dramáticos escritos)
- Terminoloxía empregada
 - Emprego da mesma terminoloxía e criterio de categorización morfolóxica (tipo e nomenclatura das categorías gramaticais)
 - Recoñecemento das mesmas unidades e niveis de análise semántica
 - Recoñecemento das mesmas unidades e niveis de análise sintáctica
 - Tipoloxía e denominación de unidades sintácticas
 - Mesmo tipo de abreviaturas
- Tratamento dos contidos e dos criterios de avaliación similares.
 - Exite distribución de contidos, de tal xeito que cada curso se encarga da explicación de determinados aspectos común das linguas. Só se explican as especificidades propias de cada lingua (aspectos gramaticas, léxico-semánticos, culturais, literarios, etc.).
 - Adopción dos mesmos criterios de avaliación:
 - Na análise sintáctica, morfolóxica e semántica das unidades.
 - Na análise textual.
 - Na revisión ortográfica dos textos.

- Nos criterios de corrección xerais aplicados ao conxunto da materia:
 - Probas escritas
 - Traballo de aula, caderno, outros
 - Libro de lectura trimestral

Con todo, obsérvase que neste sentido cómpre establecer un plan de traballo conxunto máis elaborado que determine de xeito claro e preciso os principios de actuación comúns dos diferentes cursos incluíndo as linguas estranxeiras (inglés).

Neste sentido, existe consenso entre os membros dos diferentes cursos para que o próximo curso escolar se produza unha revisión destes acordos existentes co obxectivo de adecualos con maior precisión á lexislación vixente e ás circunstancias propias do centro, considerando o novo contexto que vai xurdir previsiblemente:

- Renovación e ampliación do cadro de persoal dos departamentos
- Inclusión neste CIL de todos os cursos (lingua galega e lingua castelá) para evitar a repetición dos aspectos comúns á aprendizaxe de calquera das linguas que se imparten no centro
- Maior definición nos acordos en relación aos criterios de avaliación similares

Á vista destas circunstancias, desde o EDL e os distintos ciclos (castelá, galega, inglesa), debe manifestarse o compromiso de ampliar as concrecións nesta materia de cara a principios do vindeiro curso escolar 2021/2022 que sería realizada mediante unha addenda a este Proxecto Lingüístico.

Consenso entre áreas de lingua e non de lingua

Non obstante o comentado, tamén son de interese para este apartado os seguintes epígrafes deste mesmo artigo por canto que definen, unha vez máis, o interese polo traballo conxunto das materias (de todas materias, non só as lingüísticas) a prol dunha mellora das competencias comunicativas básicas:

Expresión oral e escrita, comprensión oral e escrita (en todas as materias):

Prestarase unha atención especial á adquisición e ao desenvolvemento das competencias, e fomentarse a correcta expresión oral e escrita, e o uso das matemáticas. De acordo co disposto na LOMLOE, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional traballaranse en todas as materias.

Comprensión lectora (en todas as materias):

Coa finalidade de promover a comprensión de lectura e de uso da información, dedicarse un tempo á lectura na práctica docente de todas as materias.

Proxectos e actividades de aprendizaxe integradas:

Para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, deberán deseñarse actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo. Para isto, aproveitaranse as posibilidades que ofrecen as metodoloxías de proxectos, entre outras, así como os recursos e as actividades da biblioteca escolar.

En resposta a estas necesidades, existen diversos plans de actuación que se levan a cabo no centro e que se orientan cara a estes aspectos, a que se recollen tanto no PE como na PXA: Plan lector (e implantación da *hora de ler*), Plan TIC, Plan de Acollida, etc. Existen tamén diversos equipos de dinamización que contemplan entre as súas competencias o desenvolvemento destas particularidades (equipo de dinamización das TIC, de dinamización da biblioteca, de dinamización das actividades complementarias e extraescolares, de dinamización lingüística, etc.).

Con todo, a lei establece a necesidade de que desde todas as materias se traballen en conxunto os saberes centrais das linguas (lectura, escrita, expresión, comprensión), de aí tamén a necesidade de deseñar uns acordos metodolóxicos mínimos entre todos os cursos, aspectos que poderían quedar fixados tamén en futuros acordos (xunto cos xa sinalados). Estes aspectos, poderían comprender, entre outros, as seguintes cuestións básicas:

- Consenso entre os diferentes ciclos
 - Para a revisión ortográfica e gramatical das producións orais e escritas
 - Para a determinación de produtos finais claros para o alumnado
 - Presentación de traballos (formato, estilo, etc.)
 - Tipoloxías textuais (informes, redaccións, exposicións, etc.)
 - Outros: definición/explicación de conceptos, etc.
- Integracións das habilidades lingüísticas en áreas non lingüísticas:
 - Comprensión e expresión de textos
 - Comprensión e expresión oral
 - Lectura (velocidade, fluidez, vocabulario), etc.

Neste curso escolar 2020/2021, leváronse a cabo un proxecto de Centro dende a Biblioteca que traballan en conxunto as distintas competencias do alumnado:. Experiencias como estas demostran que a aprendizaxe das competencias de xeito integrado é posible e moi positiva. O alumnado avanza efectivamente nos seus resultados de aprendizaxe en diversas competencias ao mesmo tempo.

11. AVALIACIÓN

Anualmente, avaliarase o resultado das medidas propostas neste proxecto, tanto as tendentes a fomentar a lingua galega como a mellorar a competencia lingüística do alumnado.

Así mesmo, avaliarase o conxunto de programas e actividades para o fomento e dinamización do galego realizados polo centro cada curso, para comprobar as deficiencias detectadas e promover as melloras que procedan dentro deste Proxecto Lingüístico de Centro.

A partir desta avaliación, que figurará como addenda anual a este proxecto, elaborárase o plan de fomento e dinamización do curso seguinte.

Coa frecuencia que se acorde realizarase unha enquisa similar á realizada para este proxecto coa finalidade de comparar os resultados e estudar posibles cambios relacionados coas actuacións presentadas.

O seguimento deste proxecto ao longo dos cursos será realizado polo EDL, a coordinadora do EDL, a xefa do departamento de orientación e dous mestres/as máis.

No mes de xuño, na memoria anual, recollerase a avaliación do proxecto que se efectuará tendo en conta os seguintes criterios:

- Consecución dos obxectivos propostos.
- Análise das actuacións dinamizadoras levadas a cabo.
- Valoración do grao de implicación dos membros da Comunidade Educativa.
- Análise dos materiais e recursos empregados.
- Progreso do alumnado na adquisición de competencias lingüísticas tendo en conta as propostas realizadas.
- Valoración da incidencia do proxecto na Comunidade Educativa.

- Avaliación dos resultados das actividades levadas a cabo: consecución do obxectivo, participación, interese...

12. ANEXOS

EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

Proxecto sociolingüístico de centro

PSC-2021

DOCUMENTO DE USO INTERNO QUE DEFINE AS CARACTERÍSTICAS SOCIOLINGÜÍSTICAS DA COMUNIDADE EDUCATIVA DO CEIP M. PADÍN TRUITEIRO

DOCUMENTO PREVIO Á ELABORACIÓN DO PL 2021

CEIP Manuel Padín Truiteiro

ABRIL DE 2021

ÍNDICE PSC 2021:	25
1. Introducción.....	27
2. Ficha técnica da enquisa 2021	28
3. Contexto sociolingüístico do CPI Manuel Padín Truiteiro.....	29
3.1. Contexto sociolingüístico das familias	29
3.1.1. Lingua habitual familias. Lingua de uso coa parella.....	30
3.1.2. Lingua habitual familias. Lingua cos nenos/as a cargo	31
3.1.3. Lingua habitual familias. Lingua (dos pais/nais/titores) cos seus pais.....	32
3.1.4. Lingua habitual familias. Lingua (dos pais/nais/titores) cos sogros.....	33
3.1.5. Lingua habitual familias. Lingua inicial dos nenos/as	34
3.1.6. Lingua habitual familias. Lingua coa veciñanza	35
3.1.7. Lingua habitual familias. Lingua no traballo	36
3.1.8. Lingua habitual familias. Lingua no ámbito das amizades	36
3.1.9. Lingua habitual familias. Lingua de expresión escrita	37
3.1.10. Lingua habitual familias. Lingua nos servizos (médico, banco, etc.)	38
3.1.11. Lingua habitual familias. Presenza do galego nos medios escritos	39
3.1.12. Lingua habitual familias. Actitudes	39
3.1.13. Observacións realizadas polas familias na enquisa:	40
3.2. Contexto sociolingüístico do alumnado	43
3.2.1. Lingua inicial do alumnado	43
3.2.2. Hábitos lingüísticos na familia. Lingua habitual dos avós	44
3.2.3. Hábitos lingüísticos na familia. Lingua habitual dos pais/nais/titores legais.....	46
3.2.4. Lingua habitual do alumnado	49
3.2.5. Competencia comunicativa percibida (nivel de coñecemento das linguas).....	51

3.2.6. Actitude ante o galego no centro educativo.....	52
3.2.7. Hábito lector voluntario en lingua galega.....	53
3.2.8. Hábitos lingüísticos do alumnado en relación coa televisión e a música.....	54
3.2.9. Hábitos lingüísticos do alumnado en relación con internet.....	55
3.2.10. Actitudes e prexuízos do alumnado en relación coa lingua galega.....	56
3.3. Contexto sociolingüístico do profesorado.....	57
3.3.1. Lingua inicial do profesorado.....	57
3.3.2. Hábito lingüístico familiar do profesorado.....	57
3.3.3. Hábito lingüístico do profesorado coas amizades.....	57
3.3.4. Hábito lingüístico do profesorado no traballo.....	58
3.3.5. Capacitación do profesorado para empregar o galego.....	59
3.3.6. Capacitación do profesorado para empregar o castelán.....	60
3.3.7. Percepción do profesorado sobre dificultades no galego.....	61
3.3.8. Capacitación do profesorado para empregar o galego na actividade docente.....	62
3.3.9. Disposición do profesorado para facer cursos de reciclaxe e actualización.....	63
3.3.10. Lingua do alumnado nas clases (co profesorado e entre eles).....	64
3.3.11. Percepción do profesorado sobre a presenza da lingua galega no centro.....	65
3.3.12. Percepción do profesorado sobre o nivel de dotación de fondos en galego da biblioteca.....	66
3.3.13. Percepción do profesorado sobre os recursos didácticos en galego.....	67
3.3.14. Axentes de capacitación en galego.....	68
3.3.15. Coñecemento da lexislación educativa por parte do profesorado.....	69
3.3.16. Coñecemento do EDLG por parte do profesorado.....	70
3.3.17. Outros ámbitos de uso da lingua galega por parte do profesorado.....	70
3.3.18. Dominio doutras linguas por parte do profesorado.....	70
3.3.19. Interese do profesorado por visibilizar as <i>outras</i> linguas no centro.....	70
3.4. Contexto sociolingüístico do persoal non docente.....	71
3.4.1. Lingua inicial e lingua habitual do persoal non docente.....	72
3.4.2. Capacitación do persoal non docente para empregar o galego e o castelán.....	72
3.4.3. Percepción do persoal non docente sobre dificultades no galego.....	73
3.4.4. Capacitación do PND para empregar o galego no seu traballo.....	73
3.4.5. Disposición do PND para facer cursos de reciclaxe e actualización.....	73
3.4.6. Lingua habitual do alumnado e as familias co PND.....	74
3.4.7. Presenza da lingua no centro.....	74
3.4.8. Axentes de capacitación.....	74
3.4.9. Coñecemento da lexislación educativa.....	75

3.4.10. Coñecemento do EDLG por parte do PND	75
3.4.11. Outros ámbitos de uso da lingua galega por parte do PND.....	75
3.4.12. Dominio doutras linguas por parte do PND	76
3.4.13. Interese do PND por visibilizar as <i>outras</i> linguas no centro	76
4. Resultado do estudo. Conclusións	76
5. Anexos.....	¡Error! Marcador no definido.
5.1. Anexo I: enquisa familias 2021	¡Error! Marcador no definido.
5.2. Anexo II: enquisa alumnado EP 2021.....	¡Error! Marcador no definido.
5.3. Anexo III: enquisa profesorado 2021	¡Error! Marcador no definido.

1. Introducción

O Proxecto Sociolingüístico de Centro (PSC) é un documento de traballo que os centros educativos elaboran periodicamente coa finalidade de dar a coñecer a situación sociolingüística da súa comunidade educativa. Enténdese como paso necesario e previo á elaboración do Proxecto Lingüístico de Centro (PL), documento esixido periodicamente por lei para deseñar a planificación lingüística global dos centros educativos.

O noso obxectivo con este PSC-2021 é, pois, ofrecer as características que definen o contexto sociolingüístico da comunidade educativa do CEIP Manuel Padín Truiteiro observados durante o presente curso escolar 2020/2021. O seus resultados nutrirán o proceso posterior de elaboración do PL-2021 en que estamos actualmente inmersos.

Coa intervención de todos os axentes da comunidade e de acordo coas pautas básicas que se proporán no PL-2021, axustándose ao descrito no Decreto 79/2010, preténdese deseñar as medidas en materia de lingua que axuden a que o alumnado poida acadar a competencia lingüística necesaria para comunicarse nas dúas linguas oficiais da comunidade (galego e castelán), así como tamén nunha ou en dúas linguas estranxeiras (no noso caso, inglés), imprescindibles na sociedade multicultural e globalizada en que vivimos.

O PL debe renovarse de acordo coa lei cada catro cursos escolares e actualizarse anualmente mediante addendas de acordo cunha serie de situacións definidas na propia lei. O PSC aínda vixente que define as características sociolingüísticas do CEIP Manuel Padín Truiteiro data de 2018. Na medida do posible, estableceremos analoxías entre o noso estudo PSC-2021 e o PSC-2018 para observar a evolución sociolingüística destes últimos 3 anos. No noso traballo tamén é interesante consultar os datos doutros estudos, como o Mapa Sociolingüístico de Galicia (MSG) ou os derivados da Enquisa das Condicións de Vida das Familias (ECVF), entre outros.

Ademais, dáse unha circunstancia excepcional que condiciona a elaboración do noso PLC-2021 (detallada na súa introducción. Pasamos a ser un CEIP.

Finalmente, destacamos e celebramos a alta participación dos distintos sectores no noso traballo de campo, levado adiante mediante enquisa. Sobre todo, facemos mención ao ámbito correspondente ao alumnado, que supera o 95 % en todos os niveis educativos. O contexto que se presenta neste proxecto, xa que logo, reflicte con elevada fidelidade a realidade sociolingüística declarada polos entrevistados da comunidade educativa que constitúe o noso CEiP.

2. Ficha técnica da enquisa 2021

O estudo levouse a cabo entre os meses de febreiro e marzo de 2021 para coñecer de maneira precisa o uso, a competencia e as actitudes en relación coa lingua galega e castelá na comunidade educativa do CEIP Manuel Padín Truiteiro.

Mantívose o procedemento de enquisa de resposta directa e anónima que se utilizou para o PSC-2018. Na enquisa de 2021 conserváronse moitos dos ítems de análise que se realizaron na anterior sondaxe coa finalidade de observarmos as tendencias que se producen nalgúns aspectos ao longo destes últimos anos.

Incorporáronse tamén outro conxunto de cuestións que se interesan por contidos de relevancia social como, por exemplo, os usos e actitudes comunicativas que os falantes posúen en relación coas novas tecnoloxías. A utilidade final desta análise permitirá deseñar un contexto de intervención máis completo que integre a televisión, internet, redes sociais, etc.

Os sectores analizados foron os seguintes: familias, alumnado, profesorado e persoal non docente. A distribución e proporción das enquisas por cada sector móstrase neste cadro:

Distribución e proporción das enquisas para o PLC 2021												
Sector	Distribuídas				Recibidas				Proporción: mostra/total (representatividade en %)			
	Nivel educativo			Suma	Nivel educativo			Suma				
	EI	EP			EI	EP			EI	EP	ESO	Total
Familias	93	295			75	260			80,6	88,1		
Alumnado	-	198			-	193			-	97,5		
Profesorado	8	22			5	21			62,5	95,5		
PND												

Destacamos a alta participación dos distintos sectores na enquisa, que supera o 81 % no sector menos representado. Polo tanto, o contexto que describe este proxecto responde con elevada aproximación a situación sociolingüística do noso CEIP. En termos xerais, os sectores de maior participación son o alumnado (96,6 %) e o PND (100 %). Os menos representados, pero aínda así cunha elevada participación, son as familias (86,6 %) e o profesorado (81,5 %).

Participación da enquisa. Global por sectores
Enquisas PLC 2021. Datos en %




Enquisa familias

Enquisas realizadas en soporte impreso enviadas ás familias de todos os cursos de Educación Infantil e Educación Primaria. O cuestionario contiña 20 preguntas principais con 46 ítems e 230 opcións totais de resposta. Do total enviado, 388 enquisas, foron recibidas 335. Isto supón unha representatividade global moi alta, do 86,3 %.

O interese principal deste cuestionario sitúase no coñecemento da formación xeral e idade dos familiares, lingua de uso habitual en distintos ámbitos, a lingua en que aprenderon os seus nenos/as a falar, así como as actitudes que se mostran na actualidade diante da lingua galega.

Enquisa alumnado

Enquisas realizadas en soporte impreso para o alumnado de Educación Primaria a partir do terceiro curso (3º a 6º de EP). Do total enviado, 412 enquisas, foron recibidas 398. Isto supón unha representatividade global moi elevada, do 96,6 %. Por niveis e cursos, obtivemos a seguinte distribución:



Enquisa profesorado e PND

Enquisas realizadas por procedementos mixtos, tanto a través de formato impreso como por medios informáticos empregando Google Form. O cuestionario foi enviado á totalidade do cadro de persoal (EI, EP e PND). Do total enviado, 35 enquisas, foron recibidas 25. Isto supón unha representatividade global elevada para o profesorado e PND do 82,5 %.

Para as enquisas do profesorado, realizáronse 16 preguntas principais e 1 derivada, con 40 ítems e 248 opcións totais de resposta. Nesta enquisa valóranse aspectos relacionados coa lingua inicial, a lingua de uso en distintos ámbitos (amigos, familia e centro de traballo), a percepción da propia competencia en lingua castelá e lingua galega, o uso e a presenza da lingua galega no centro educativo, as actitudes ligadas aos esforzos por promover a lingua galega no centro escolar e a mellorar a competencia propia en lingua galega, así como a darlle visibilidade ás outras linguas de uso do alumnado existentes no centro, fóra da lingua galega ou da castelá.

As enquisas do persoal non docente contan con 16 preguntas totais con 25 ítems e 169 opcións totais de resposta. Este cuestionario contempla os mesmos aspectos cós desenvolvidos no cuestionario do profesorado, ao cal se lle eliminaron as preguntas directamente relacionadas coa función docente.

A continuación, ofrecemos as principais conclusións obtidas a partir da análise dos datos ofrecidos polas enquisas, aos efectos únicos de deseñar un contexto sociocultural xenérico que describa e singularice a realidade lingüística do centro e permita deseñar a consecuente actuación dinamizadora. Esta contextualización realízase, ao tempo, ofrecendo un contraste cos datos recollidos no anterior estudo de 2018.

3. Contexto sociolingüístico do CEIP Manuel Padín Truiteiro

Presentamos neste apartado o resultado do estudo realizado no presente curso 2020/2021. Este labor previo vai nos permitir coñecer tanto o estado actual do contexto sociolingüístico como a evolución dalgúns aspectos dos resultados nos últimos anos, desde o PSC-2018.

Considerando o carácter excepcional en que xorde este PSC-2021, achégase unha interpretación superficial e previa dos datos como resultado dunha primeira lectura, pendente de ser ampliada e traballada con maior fondura.

3.1. Contexto sociolingüístico das familias

A enquisa das familias foi realizada nos niveis de EI e EP, como xa foi explicado no apartado de presentación. Póñense en contraste os niveis EI/EP por cada un dos ítems consultados.


3.1.1. Lingua habitual familias. Lingua de uso coa parella

Existe un predominio xeral no uso de *castelán* (37 %) como lingua habitual nas familias. O *galego* queda en segunda posición (24 %). As opcións intermedias (*máis galego/castelán* ou *as dúas por igual*) non son demasiado protagonistas, pero si son inferiores as que se declaran próximas ao galego.

É importante o papel das nais/titoras en tanto que son usuarias do *castelán* como lingua empregada coa parella. Os índices máis altos do uso de castelán están na muller, sobre todo, das máis novas (nais de EI).

Os resultados están bastante igualados entre EI e EP. Hai un contexto igualado.

Lingua de uso familiar. Global familias. Enquisas PLC 2021. Datos en %




Lingua de uso familiar. Distribución por niveis e global. Enquisas PLC 2018. Datos en %

	EI		EP		Global
	Nai ou titora	Pai ou titor	Nai ou titora	Pai ou titor	(Niveis e sexos)
Castelán	48	29.2	41.4	28.3	37
Máis castelán	10.7	10.8	8.2	12.6	10.6
As dúas por igual	10.7	13.3	11.3	14.8	12.6
Máis galego	5.3	10.8	9	9.6	8.7
Galego	20	27.7	21.1	26.5	24
Outras	5.3	6.2	9	7.4	7


Outras (EI): Árabe (3), Inglés e portugués; Outras (EP): Árabe (17), Chinés (2), Francés (1), Inglés (2), Portugués (1), Romanés (2)

EI: Que lingua emprega habitualmente na casa, se é o caso, coa súa parella? Enquisas PLC 2021



Outras: Árabe (3), Inglés e portugués

EP: Que lingua emprega habitualmente na casa, se é o caso, coa súa parella? Enquisas PLC 2021



Outras: Árabe (17), Chinés (2), Francés (1), Inglés (2), Portugués (1), Romanés (2)


3.1.2. Lingua habitual familias. Lingua cos nenos/as a cargo

Percíbese novamente un predominio do castelán (36,2 %) fronte ao galego (23,4 %). Por sexos, é a muller quen declara maior uso de castelán cos nenos/as. Este dato é importante se temos en conta que tradicionalmente existe unha maior dedicación por parte da muller na educación dos nenos/as na nosa sociedade. Debemos pensar que neste feito reside unha das causas posibles da ruptura da transmisión da lingua galega entre xeracións que existe actualmente.

As opcións intermedias (*máis galego/castelán* ou *as dúas por igual*) non son demasiado protagonistas, pero si inferiores ás próximas á opción *galego*. Os resultados están bastante igualados entre EI/EP, hai un contexto igualado.


Existe bastante diversidade das linguas *outras* no ámbito familiar do alumnado EP. Impacto da inmigración. Número destacable de usuarios de *árabe* en EP.

Lingua habitual co neno/a. Global familias. Enquisas PLC 2021. Datos en %




Lingua habitual familias. Lingua cos nenos/as. Enquisas PLC 2021. Datos en %					
	EI		EP		Global (Niveis e sexos)
	Nai ou titora	Pai ou titor	Nai ou titora	Pai ou titor	
Castelán	43.4	30.3	41.1	30.2	36.2
Máis castelán	15.8	19.7	11.6	16	15.8
As dúas por igual	6.6	9.1	14.3	12	10.5
Máis galego	9.2	7.6	4.3	7.1	7
Galego	19.7	27.3	19.8	26.7	23.4
Outras	5.3	6.1	8.9	8	7.1

EI: Que lingua emprega habitualmente co neno ou nena a cargo? Enquisas PLC 2021



Outra: Alemán, Árabe (2), Italiano, Portugués

EP: Que lingua emprega habitualmente co neno ou nena a cargo? Enquisas PLC 2021



Outra: Árabe (16), Catalán, Chinés (2), Inglés (2), Portugués, Romanés

(2)


3.1.3. Lingua habitual familias. Lingua (dos pais/nais/titores) cos seus pais

En contra dos datos observados ata o momento, obtemos que se emprega máis a lingua galega coas xeracións maiores (35 %). Con todo, hai unha alta presenza do castelán (31,9 %), e tanto, que case iguala nestas xeracións o galego.

En EI, percíbese un maior uso de castelán nas mulleres (nais) máis novas. A idade é un indicador claro de que son os máis novos quen abandonan a lingua galega. Estamos sendo testemuñas, pois, da evolución imparabile que se produce do fenómeno da ruptura da transmisión do galego entre xeracións. E o sexo tamén, pois comprobamos que o castelán está máis presente en maior proporción na muller.


Lingua habitual dos pais/nais/titores cos seus pais. Enquisas PLC 2018. Datos en %					
	EI		EP		Global
	Nai ou titora	Pai ou titor	Nai ou titora	Pai ou titor	(Niveis e sexos)
Castelán	41.9	23.1	36.1	26.3	31.9
Máis castelán	9.5	7.7	6.7	5.4	7.3
As dúas por igual	2.7	10.8	11.5	10.3	8.8
Máis galego	6.7	7.7	5.6	10.7	7.7
Galego	31.1	41.5	30.1	37.1	35
Outras	8.1	9.2	9.9	10.3	9.4

EI: Que lingua fala ou falaban vostedes habitualmente cos seus pais? Enquisas PLC 2021



Outra: Alemán, Árabe (5), Portugués

EP: Que lingua fala ou falaban vostedes habitualmente cos seus pais? Enquisas PLC 2021



Outra: Árabe 17, Chinés (2), Inglés (2), Lingua de signos (2), Portugués, Romanés (2),


Shiha

3.1.4. Lingua habitual familias. Lingua (dos pais/nais/titores) cos sogros

Uso maioritario do castelán nas relacións familiares cos sogros (36,2 %). Explícase esta situación polo distanciamento familiar que outorga a relación de sogro/nora, marcado tamén co uso da lingua “de prestixio” que se considera familiarmente co castelán. Con todo, é alto o uso de galego (34,1 %), pois case iguala nestas xeracións o castelán. Comprobamos que se fai en maior proporción na muller, e sobre todo, nas máis novas (nais de EI).


Lingua habitual dos pais/nais/titores cos sogros. PLC 2021 Datos en %					
	EI		EP		Global (Niveis e sexos)
	Nai ou titora	Pai ou titor	Nai ou titora	Pai ou titor	
Castelán	45.2	29.2	41.3	29	36.2
Máis castelán	9.6	7.7	5.2	6.6	7.3
As dúas por igual	4.1	7.7	7.9	9.6	7.3
Máis galego	5.5	10.8	4.8	8.8	7.5
Galego	30.1	38.5	31.3	36.4	34.1
Outras	5.5	6.2	9.5	9.6	7.7

EI: Que lingua fala ou falaban vostedes habitualmente, se fose o caso, cos seus sogros? Enquisas PLC 2021



Outra: Árabe (4)

EP: Que lingua fala ou falaban vostedes habitualmente, se fose o caso, cos seus sogros? Enquisas PLC 2021




Outra: Árabe (15), Bérber, Chinés (2), Eslovaco, Inglés (2), Lingua de signos (2), Malaio (2), Portugués (2), Romanés (2)

3.1.5. Lingua habitual familias. Lingua inicial dos nenos/as


Nos dous niveis estudados (EI e EP), a lingua en que lle ensinaron a falar aos nenos ou nenas é *castelán* (43,2 %), ou *castelán e galego por igual* (29,2 %). Destacamos esta elevada porcentaxe de castelán, moi distanciada da porcentaxe de uso de galego entre pais e avós que vimos nos apartados anteriores. Tamén é importante o elevado uso de castelán nas mulleres máis novas (nais de EI).

Lingua inicial do neno/a. Global familias. Enquisas PLC 2021




Lingua inicial do/a neno/a a cargo. Familias EI+EP. Datos en %			
	EI	EP	Global
Castelán	43.8	42.6	43.2
As dúas por igual	31.5	26.9	29.2
Galego	23.3	22.9	23.1
Outras	1.4	7.6	4.5

EI: En que lingua lle ensinaron a falar ao neno ou nena? Enquisas PLC 2021



Outras (1,4 %): Alemán (1), Árabe (4), Inglés (1), Italiano (1), Portugués (3)

EP: En que lingua lle ensinaron a falar ao neno ou nena? Enquisas PLC 201



Outras (7,6 %): Árabe (8), Catalán, Chinés (2), Inglés (2), Portugués (2), Romanés (2)


3.1.6. Lingua habitual familias. Lingua coa veciñanza

Nos dous niveis educativos, as mulleres declaran falar coa veciñanza en castelán. En cambio, son os homes quen interactúan en galego maioritariamente. Maior uso de castelán nas mulleres máis novas (EI).

Lingua habitual familias. Lingua coa veciñanza. Enquisas PLC 2021. Datos en %


	EI		EP		Global (Niveis e sexos)
	Nai ou titora	Pai ou titor	Nai ou titora	Pai ou titor	
Castelán	44	23.1	36.6	23.9	31.9
Máis castelán	9.3	10.8	8.9	9.5	9.6
As dúas por igual	20	23.1	18.7	13.1	18.7
Máis galego	8	10.8	8.9	17.6	11.3
Galego	17.3	30.8	25.6	34.2	26.9
Outras	1.3	1.5	1.2	1.8	1.5

EI: Que lingua empregan vostedes habitualmente coa veciñanza? Enquisas PLC 2021



Outra: Árabe

EP: Que lingua empregan vostedes habitualmente coa veciñanza? Enquisas PLC 2021




Outra: Árabe

3.1.7. Lingua habitual familias. Lingua no traballo


A lingua maioritaria no global dos dous niveis educativos é o castelán (33,9 %). A lingua das mulleres cos compañeiros/as de traballo é o castelán tanto para os enquisados de EI como de EP. Os homes lideran o uso de *galego* ou *máis galego* en EP.

Lingua habitual familias. Lingua no traballo. Enquisas PLC 2021. Datos en %					
	EI		EP		Global (Niveis e sexos)
	Nai ou titora	Pai ou titor	Nai ou titora	Pai ou titor	
Castelán	45.6	24.2	39.2	26.4	33.9
Máis castelán	9.6	10.6	10.1	7.3	9.4
As dúas por igual	21.9	24.2	20.3	20.4	21.8
Máis galego	6.8	15.2	6.8	11.8	10.1
Galego	13.7	22.7	21.5	31.8	22.5
Outras	1.4	3	2.1	2.3	2.2

EI: Que lingua utilizan vostedes habitualmente, se fose o caso, cos compañeiros ou compañeiras de traballo? Enquisas PLC 2021



EP: Que lingua utilizan vostedes habitualmente, se fose o caso, cos compañeiros ou compañeiras de traballo? Enquisas PLC 2021




3.1.8. Lingua habitual familias. Lingua no ámbito das amizades

A lingua habitual das familias no ámbito das amizades é o castelán (32,7%). Por sexos, a muller é a principal usuaria do castelán; o home utiliza de forma maioritaria o galego coas amizades.


Lingua habitual familias. Lingua coas amizades. Enquisas PLC 2021. Datos en %					
	EI		EP		Global (Niveis e sexos)
	Nai ou titora	Pai ou titor	Nai ou titora	Pai ou titor	
Castelán	42.9	23.1	38.8	26.1	32.7
Máis castelán	11.7	10.8	11.3	8.4	10.5
As dúas por igual	19.5	20	17.6	16.8	18.5
Máis galego	6.5	12.3	7.5	12.4	9.7
Galego	16.9	30.8	18.8	30.5	24.3
Outras	2.6	3.1	5.9	5.8	4.4

EI: Que lingua empregan vostedes habitualmente cos amigos ou coas amigas? Enquisas PLC 2021



Outra: Árabe (2)

EP: Que lingua empregan vostedes habitualmente cos amigos ou coas amigas? Enquisas PLC 2021



Outra: Árabe (11), Chinés (2), Inglés, Portugués


3.1.9. Lingua habitual familias. Lingua de expresión escrita

A lingua que empregan as familias por escrito é o castelán (44,6 %), malia que se supón unha xeración tamén formada en lingua galega por escrito nos estudos básicos. As mulleres presentan maior índice de uso do castelán. Neste ámbito, os índices de uso de castelán por parte dos homes ascende (diminúe o uso do galego no ámbito escrito por parte dos homes).

Lingua habitual familias. Lingua na escrita. Enquisas PLC 2021. Datos en %


	EI		EP		Global (Niveis e sexo)
	Nai ou titora	Pai ou titor	Nai ou titora	Pai ou titor	
Castelán	52	41.5	47.2	37.9	44.6
Máis castelán	12	10.8	12.3	11.6	11.7
As dúas por igual	16	16.9	16.7	17.4	16.7
Máis galego	6.7	12.3	6.3	9.4	8.7
Galego	10.7	15.4	12.7	19.2	14.5
Outras	2.7	3.1	4.8	4.5	3.8

EI: Que lingua empregan habitualmente por escrito (cartas, mensaxes de móbil, internet, etc.)? Enquisas PLC 2021



Outra: Árabe, Francés, Inglés

EP: Que lingua empregan habitualmente por escrito (cartas, mensaxes de móbil, internet, etc.)? Enquisas PLC 2021




Outra: Árabe (8), Chinés (2), Inglés, Portugués

3.1.10. Lingua habitual familias. Lingua nos servizos (médico, banco, etc.)


A lingua maioritaria os servizos básicos é o castelán (43,3 %). O *médico* e o *banco* son os contextos máis castelanizantes. É alto o uso de galego (19,5 %) tendo en conta os hábitos xerais que vimos observando.

Lingua habitual familias. Lingua nos servizos. Enquisas PLC 2021. Datos en %					
	EI		EP		Global (Niveis e sexos)
	Nai ou titora	Pai ou titor	Nai ou titora	Pai ou titor	
Castelán	47.3	35.4	50.4	40.2	43.3
Máis castelán	13.5	10.8	10.1	10	11.1
As dúas por igual	18.9	16.9	17.3	17.8	17.7
Máis galego	5.4	10.8	6.9	10.5	8.4
Galego	14.9	26.1	15.3	21.5	19.5
Outras	0	0	0	0	0

EI: Que lingua empregan habitualmente nos médicos, no banco, etc.? Enquisas PLC 2021



EP: Que lingua empregan habitualmente nos médicos, no banco, etc.? Enquisas PLC 2021



3.1.11. Lingua habitual familias. Presenza do galego nos medios escritos

Apartado que se interesa por coñecer a lingua que se utiliza en determinados escritos (comunicacións do banco, do concello, asociacións, etc.), así como os hábitos de lectura das familias (libros, revistas).

Os ámbitos en que menos se emprega o galego son o laboral e as comunicacións dos bancos. No ámbito do traballo, o galego non aparece na documentación escrita máis ca en contadas ocasións, pois é maioritaria a opción de *nunca* (máis do 50 %) ou *ás veces* (máis do 35 %). Nas observacións, atopamos o castelán e outras linguas, como o inglés, empregadas neste ámbito.

Atopamos presenza do galego no ámbito da lectura persoal (libros, revistas, etc.), nas documentacións das asociacións (culturais, de veciños, empresariais) e na publicidade que se recibe na casa.

O principal ámbito en que aparece a lingua galega en maior proporción é o das comunicacións que mantén o concello (máis do 60 % das ocasións baixo a opción de *sempre*). Valórase positivamente o labor normalizador en lingua galega que, de acordo coa lei, está a realizar o concello de Soutomaíor.

Lingua habitual na escrita. Familias EI+EP. Enquisas PLC 2021. Datos en %						
	EI			EP		
	Sempre	Ás veces	Nunca	Sempre	Ás veces	Nunca
Materiais do seu traballo	12.9	35.5	51.6	9	40.3	50.7
Libros	3.3	70.5	26.2	5	65.5	29.5
Xornais / revistas	8.3	56.7	35	7.9	48.6	43.5
Comunicacións do Concello	60	34.3	5.7	64.5	29.4	6.1
Comunicacións dos bancos	6.5	33.9	59.7	7.2	32.7	60.1
Publicidade que recibe na casa	6.3	57.1	36.5	6.6	63.4	30
Asociacións culturais locais	25.4	62.7	11.9	38.6	50.7	10.6
Asociacións de veciños	33.3	51.7	15	44.2	35.4	20.4
Asociacións de empresarios locais	5.4	69.6	25	12.4	60.1	27.5

3.1.12. Lingua habitual familias. Actitudes


As actitudes das familias son maioritariamente positivas en relación cos diferentes aspectos preguntados: o galego é útil en Galicia, debe ser unha lingua e estudo, debe fomentarse máis socialmente, é axeitada para internet e a adquisición de dúas ou máis linguas enriquece.

Atopamos algunhas actitudes negativas en relación coa lingua. Uns poucos comentarios móstranse en contra de empregar o idioma galego no ámbito educativo máis alá da materia de lingua galega. Atopámoslos sobre todo no ámbito de EI. É unha actitude insolidaria e pouco favorecedora da cohesión social, xa que non considera os dereitos dos galegofalantes a empregaren a súa lingua propia no sistema educativo.

Pola contra, nese mesmo nivel educativo (EI), demos con comentarios interesantes e ben argumentados que defenden o uso da lingua en igualdade de condicións ca o castelán. Consideran que os falantes de galego posúen os mesmos dereitos ca os falantes de castelán, diante do sistema educativo, a recibir formación na súa lingua propia.

Tamén se observan prexuízos claros en relación coa lingua galega, como considerar que o galego non é apto para internet.

Actitudes en relación coa lingua galega. Global familias. Enquisas PLC 2021. Datos en %



3.1.13. Observacións

realizadas polas familias

	De acordo		Bastante de acordo		Indiferente		Bastante en desacordo		En desacordo	
	EI	EP	EI	EP	EI	EP	EI	EP	EI	EP
	Global 1	44.3	46	13	12.3	25	26.8	9.6	6.8	8.2
Global 2	71	81.1	12.5	14.3	4.5	4.6	12	0	0	0
Global 3	5.1	3.4	5.3	5.1	7.8	5.9	18.6	15.3	56.2	70.3
Global 4	52.9	54.6	16.6	18.3	23	20.4	3.5	2.9	4.1	3.8
Global 5	49.2	53.1	17.6	18.8	23.8	18.8	4.5	5	5.5	4.2
Global 6	6	3.8	1.9	3.8	5.2	4.7	11.7	16.5	79.2	71.2

na enquisa:

Educación Infantil:

- *Pregaría que os profesores lles falasen sempre galego aos alumnos que teñen de lingua materna o galego.*
- *Pois a que pese a ser galegofalante non consigo que meus fillos o sexan.*
- *Inda que para nós non é a nosa lingua vehicular, gustaríanos que o noso fillo recibise as clases en galego nunha elevada porcentaxe.*
- *Emprégase moito máis o castelán agora no ensino que cando estudei eu. É unha pena que as últimas enquisas digan que se está a perder a nosa lingua.*
- *O galego é a nosa lingua, nunca se debería de perder. Habería que fomentar máis o seu uso.*
- *Do mesmo xeito que falan castelán na escola gustaríanos que lles ensinasen en galego.*
- *Es libre de elegir la lengua que uno decide. Muchas gracias.*

- *Coido que empregar o galego no ensino está ben para a materia de galego ou falalo indistintamente. Pero non impolo na **** (aula?) que a maioría diga que prefire o castelán.*
- *Debe de ser una elección de cada uno en que lengua debe expresarse.*
- *O que non me gusta é o galego normativizado. Gústame o galego da miña zona con gbeada, con seseo e que se falou toda a vida.*
- *Creo que debería ser opcional que los padres decidiesen si sus hijos pudiesen hablar en el colegio en castellano o en gallego.*

Educación Primaria:

- *"O galego é a nosa lingua nai"*
- *O galego en Galiza e para os galegos (2)*
- *Somos galegos. Falemos galego.*
- *Gustaríame que os pais e nais dos nenos lles falasen en galego aos seus fillos, porque entre eles o falan e para dirixirse aos nenos en castelán. Entristécame cando lle falas a un neno galego e non te entende...*
- *Hai que fomentar a posta en valor do galego entre a xuventude, sen imposición, senón que amen e coiden a nosa cultura e que a empreguen con orgullo en situacións cotiás e non só nos 50 minutos de clase de galego. Falar galego é o noso dereito pero tamén o noso deber para que siga vivo para a seguinte xeración.*
- *A lingua forma parte do enriquecemento do noso país. Canto máis amplos sexan os idiomas nunha persoa máis proveito lle saca.*
- *Estou a favor do estudo e conservación do galego. Non debemos perdelo. Non estou de acordo con estudar outras materias en galego. Paréceme absurdo.*
- *Eu falo o galego que me ensinaron os meus pais, pero lelo e escribilo cústame moito.*
- *As linguas minoritarias son menos rendibles nos medios de masas; por iso cómpre fomentar o seu uso e amplitude, ao menos dentro da contorna xeográfica.*
- *Eu non sei falar castelán, pero como as nenas falan algo nós contestámoslles en castelán algunha vez.*
- *Viva o galego, vivamos coma galegos*
- *O galego solo sirve para hablar con los vecinos del rural, para mí no vale.*
- *Me gustaría que la información escolar fuera también en castellano porque siempre la mandan en gallego y hay muchas cosas que no entiendo.*
- *Non son partidaria de que se empregue tanto galego nas asignaturas, gustaríame que usasen tamén a lingua estranxeira en proporción.*
- *Eu creo que o galego debería estudarse como unha materia. Non estou de acordo en que as outras materias se estuden en galego.*
- *Que querer estudar gallego debería ser optativo y no una obligación.*
- *O galego debería estudarse como unha materia máis. Pero penso que as demais materias deberían estudarse en castelán.*
- *Es libre de elegir la lengua que uno decide hablar. Muchas gracias.*
- *Soy gallega, entiendo el gallego, pero no lo uso habitualmente. Me gusta que mis hijos lo entiendan, pero creo que deben elegir ellos si lo hablan o no.*
- *Que querer estudiar gallego debería ser optativo. No una obligación.*
- *Na casa fábase galego e castelán, xa que o pai é estremeño e non entende a maioría das cousas.*
- *Non me gusta o galego normativizado, gústame máis o galego que se fala en cada zona de Galicia. Porque hai palabras en galego de libros que nunca escoitei sendo galega.*
- *O galego é importante porque son as nosas raíces, pero o que é vital hoxe en día é o inglés.*

- *Calquera lingua aprendida enriquece a persoa, tamén o portugués debería implantarse nos colexios debido á nosa proximidade con eles.*
- *Por razóns de traballo ou do entorno habitualmente non falamos galego, iso non quere dicir en ningún dos xeitos que estea en desacordo coa súa utilización ou aprendizaxe.*
- *Estudalo si pero que os libros estean en galego non me parece ben. Para os nenos que saiban falar o galego non o entenden igual.*
- *Estando en Galicia vexo normal que se saiba falar galego, pero non me parece ben que o impoñan (libros de texto, traballos, mestres). Debe ser unha libre elección fóra do que é a clase específica de galego.*
- *O galego na escola ten que ser unha asignatura pero nas demais non teñen porque ser en galego.*

3.2. Contexto sociolingüístico do alumnado


A enquisa do alumnado foi realizada nos cursos de 3º a 6º de Educación Primaria

3.2.1. Lingua inicial do alumnado

A lingua inicial que declara a maioría do alumnado en termos xerais é *castelán* ou *máis castelán* (48,6 %). En segunda opción, o alumnado afirma que posúe como iniciais *as dúas linguas por igual*, galego e castelán (28,1 %). En terceiro lugar atopamos *galego* ou *máis galego* como lingua inicial para o 16,6 % do alumnado.

No seguinte gráfico recóllense os datos globais do alumnado. Os resultados detallados por nivel educativo preséntanse no cadro inferior:


Lingua inicial. Global alumnado. Enquisas PLC 2021. Datos en %



Lingua inicial do alumnado. Enquisas PLC 2021. Datos en %			
	3º e 4º	5º e 6º	Global (niveis)
Castelán/máis castelán	46	51,2	48,6
As dúas por igual	32,3	23,9	28,1
Galego/máis galego	12,7	20,5	16,6
Outras	9	4,5	6,7


Por niveis educativos, en 5º e 6º as porcentaxes soben a favor da lingua castelá, pois o 51,2 % declara que a posúe como lingua inicial. Con todo, son neles onde tamén residen os valores máis altos de galego ou máis galego como lingua inicial (20,5 %) en contraste coa baixa porcentaxe de 3º e 4º para galego (12,7 %).

Lingua inicial do alumnado de 3º e 4º. Enquisas PLC 2021



Outras EP (9 %): Árabe (9), Inglés (2), Romanés (2), Catalán, Chinés, Francés, Portugués do Brasil e Malaio.

Lingua inicial do alumnado 5º e 6º. Enquisas PLC 2021




Máis galego (5,9 %)

Outras (4,5 %): Árabe (3), Portugués (2), Catalán (2), Caló, Italiano

Considerando as características do destinatario, a escala de resposta en 3º e 4º foi simplificada (castelán > galego e castelán por igual > galego) con relación a 5º e 6º (castelán > máis castelán > castelán e galego por igual > máis galego > galego). En 5º e 6º podemos constatar maior presenza da lingua inicial castelá (34,1 %) fronte á galega (14,6 %), nunha enorme e significativa distancia de 19,5 puntos porcentuais.

Son significativas tamén, por elevadas, as porcentaxes de alumnado que declara posuír como lingua inicial *outras*. Dentro deste grupo, é destacable a elevada proporción de alumnado con lingua árabe (46,2 %).

Outras linguas iniciais do alumnado. Enquisas PLC 2021. Datos en %



De todas as opcións lingüísticas que se declaran, tan só unha parte (iso si, a máis significativa) pode acollerse a un programa de estudo da súa lingua inicial. É o alumnado que declara o árabe como lingua inicial. O resto, non recibe contacto de ningún tipo en relación coa súa lingua inicial no centro educativo.

3.2.2. Hábitos lingüísticos na familia. Lingua habitual dos avós


En termos xerais, a lingua habitual dos avós e avoas do alumnado, sexan paternos ou maternos, é o galego (32,8 %). Os principais usuarios do galego son os homes.

Considerando os niveis educativos e a variable sexo, obtemos que en 3º e 4º os avós paternos empregan o galego (23,4 %) ou máis galego (17,4 %). Con todo, os datos a favor do castelán quedan moi preto, a menos dun punto de diferenza (22,8 %). Para as mulleres é máis habitual empregar o castelán (23,6 %).

En 5º e 6º, en cambio, o resultado é ben distinto: datos bastante igualados entre homes e mulleres (observamos que de xeito latente aparece o factor tempo; as xeracións de maior idade, as da ESO, son as que empregaban o galego con maior proporción). O galego aparece como lingua habitual na maioría dos homes (45,3%) e mulleres (44,3 %), a moita distancia das outras opcións.


Destacamos tamén a diversidade de linguas que empregan os familiares do alumnado.

Lingua dos avós. Global alumnado. Enquisas PLC 2021




Lingua dos avós. Enquisas PLC 2021. Datos en %					
	3º e 4º		5º e 6º		Global alumnado (Niveis e sexos)
	Maternos	Pateros	Maternos	Pateros	
Castelán	23.6	22.8	15.8	16.7	19.7
Máis castelán	9.4	8.7	6.9	4.9	7.5
As dúas por igual	21.5	14.7	8.9	9.9	13.8
Máis galego	15.2	17.4	14.8	14.8	15.6
Galego	18.3	23.4	44.3	45.3	32.8
Outras	12	13	9.3	8.4	10.7

Lingua habitual dos avós paternos e maternos. Alumnado 3º e 4º. Enquisas PLC 2021



Outras EP (12 %): Árabe (16), Catalán, Chinés, Eslovaco, Francés, Inglés, Italiano, Malaio, Peruano (aimará?), Portugués (2), Portugués do Brasil, Romanés (2), Shiha.


Lingua habitual dos avós paternos. Alumnado 5º e 6º. Enquisas PLC 2021



Máis castelán (4,9 %)

Outras (8,4 %): Árabe (7), Catalán (1), Italiano (1), Portugués (3), Portugués do Brasil (2). Non os coñecín (3)

Lingua habitual dos avós maternos. Alumnado 5º e 6º. Enquisas PLC 2021



Máis castelán (6,9 %)


Outras (9,3 %): Árabe (8), Caló (1), Catalán (1), Éuscara (1), Italiano (1), Portugués (1), Portugués do Brasil (3). Non os coñecín (3)

3.2.3. Hábitos lingüísticos na familia. Lingua habitual dos pais/nais/titores legais

a) Lingua dos pais ou titores legais entre eles

En xeral, a lingua habitual dos pais, nais ou titores legais que empregan entre eles é a castelá (37,9 %). O alumnado percibe nunha porcentaxe menor (19,8 %) que utilizan as dúas linguas por igual. O uso do galego atópase no 18,6 %.

Lingua dos pais ou titores entre eles Global alumnado. Enquisas PLC 2021




Lingua dos pais/nais/titores entre eles. Enquisas PLC 2021 Datos en %

	3º e 4º	5º e 6º	Global alumnado
Castelán	44.5	31.2	37.9
Máis castelán	8.4	13.4	10.9
As dúas por igual	19.4	20.3	19.8
Máis galego	4.7	5	4.9
Galego	11.5	25.7	18.6
Outras	11.5	4.4	8

Por niveis educativos, o castelán aparece nunha ampla maioría utilizado entre os pais do alumnado de 3º e 4º primaria (44,5 %), antes ca o uso das dúas linguas por igual (19,4 %). O galego aparece como primeira opción nun 11,5 % dos casos (3º e 4º).

Lingua habitual dos pais ou titores legais entre eles. 3º e 4º Enquisas PLC 2021




Máis galego (4,7 %)

Outras EP (11,5%): Árabe (16), Chinés, Inglés (2), Portugués do Brasil, Romanés

Non deixa de ser salientable que o nivel de lingua habitual que declara o alumnado para os seus pais no contexto familiar (11,5 %) en Galicia obteña a mesma porcentaxe (11,5%) có uso que o alumnado declara para as *outras* linguas.

No nivel de 5º e 6º, os resultados entre as dúas linguas, galego e castelán, aparecen máis igualados. O 31,2 % do alumnado manifesta que os seus pais ou titores utilizan entre eles o castelán, e o 25,7 %, o galego.

Lingua habitual dos pais ou titores legais entre eles. 5º e 6º. Enquisas PLC 2021



Máis galego (5 %)


Outros ESO (4,4 %): Árabe 6, Portugués do Brasil 1, Portugués 2

b) Lingua habitual dos pais ou titores legais cos seus fillos/as

O alumnado reconece que os seus pais e nais empregan de xeito maioritario o castelán (38,5 %) ou as dúas linguas por igual (21,9 %). O uso do galego entre pais e fillos descende a un 14 %. Os datos non distan moito con relación ao apartado precedente.

Global alumnado. Enquisas PLC 2018


8,10%



Lingua cos nenos/as. Enquisas PLC 2021. Datos en %			
	3º e 4º	5º e 6º	Global
Castelán	44.8	32.2	38.5
Máis castelán	8.9	16.1	12.5
As dúas por igual	19.8	23.9	21.9
Máis galego	5.2	4.9	5
Galego	10.4	17.6	14
Outras	10.9	5.3	8.1

Á vista dos datos, percíbese unha vez máis a ruptura que se produce na transmisión lingüística do galego entre pais e fillos. Cómpre aumentar a autoestima cultural e lingüística do noso alumnado, facer que lles teñan cariño á lingua dos seus pais e dos seus avós.

Lingua dos pais ou titores legais cos seus fillos/as. 3º e 4º. Enquisas PLC 2021




Máis galego (5,2 %)

Galego (10,4 %)

Outras EP (10,9 %): Árabe (14), Catalán, Inglés (2), Portugués do Brasil, Romanés

Lingua dos pais ou titores legais cos seus fillos/as. 5º e 6º. Enquisas PLC 2021




Máis galego (4,9 %)

Outros ESO (5,3 %): Árabe (6), Catalán, Francés, Inglés, Portugués (2), Portugués do Brasil


O nivel de uso de *só galego* en 3º e 4º entre pais/nais e fillos/as (10,4 %) é menor ao uso que teñen as linguas *outras* (10,9 %) nas súas casas. Os resultados xa mostran unha situación de alarmante preocupación.

3.2.4. Lingua habitual do alumnado

A lingua que o alumnado consultado en 3º e 4º e 5º e 6º declara como habitual nos ámbitos consultados, en termos xerais, é o castelán, case nun 50 % (49,6 % en 3º e 4º e 48,2 % en 5º e 6º). Aínda sendo baixo, merece especial mención a importancia que acadan as porcentaxes do monolingüismo en galego en 5º e 6º (16,4 %).




Por niveis educativos e ámbitos, obtemos os seguintes resultados:



Outra EP (coa familia): catalán (1), chinés (1), inglés (4), árabe (13) e romanés (1)

Lingua de uso habitual por ámbitos. Alumnado 3º e 4º. Enquisa PLC 2021 (datos en %)				
	... cos amigos	... coa familia	... na escola	Global (Ámbitos)
Castelán	75	35,5	38,3	49,6
Máis castelán	12	13,9	13,1	13
As dúas por igual	6,3	25,6	39,3	23,7
Máis galego	2,6	6,7	4,4	4,6
Galego	4,2	8,9	4,9	6
Outras	0	9,4	0	3,1

Lingua habitual do alumnado. 5º e 6º. Enquisas PLC 2021



Lingua de uso habitual por ámbitos. Alumnado 5º e 6º. Enquisas PLC 2021 (datos en %)

	Coa familia	Coas amizades no centro escolar	Amizades fóra do centro escolar	Co profesorado que fala galego	Co profesorado que fala castelán	Global (ámbitos)
Galego	17.6	2.9	3.9	55.1	2.4	16.4
Máis galego	8.8	1	3.9	15.1	0	5.8
As dúas por igual	20	11.8	10.3	17.6	5.4	13
Máis castelán	19.5	24	20.1	4.4	10.2	15.6
Castelán	29.3	60.3	61.8	7.8	82	48.2
Outras	4.8	0	0	0	0	1

Outras: Árabe (7), Portugués (2), Italiano 1, Catalán

1

En 3º e 4º preguntouse pola lingua oral (fala) en tres ámbitos distintos: amigos, familia e escola. Comprobamos que neste nivel educativo a lingua máis empregada en calquera dos tres contextos é o castelán, que de xeito global acadou un 49,6 %. O galego queda reducido a un simbólico global do 6 %. Por sectores, o ambiente máis castelanizado é o das amizades, no que atopamos un 87 % de presenza entre quen manifesta empregar o castelán ou máis castelán.

O ámbito máis favorable ao emprego do galego é a familia (8,9 %). Ante estes datos, xorde unha reflexión sobre o baixo uso do galego no centro. **O alumnado que se declara monolingüe en galego atopa un contexto favorable para manter a súa lingua?** É imprescindible e urxente para este PLC-2021 crear un contexto adecuado para que os usos comunicativos dos galegofalantes non se vexan alterados e, polo tanto, poidan continuar utilizando con normalidade a súa lingua no centro. É fundamental deseñar actividades que consigan frear este cambio lingüístico e que constrúan para a lingua galega e os seus usuarios un ambiente de total normalidade (actitudes e valores libres de prexuízos).

En 5º e 6º preguntouse tamén polo uso oral da lingua nos mesmos ámbitos (amizades, familia e escola), pero quíxose concretar en función do tipo de interlocutor que intervéen en cada un (amigos no centro e fóra; na escola co profesorado que fala galego e co que fala castelán). Obtemos como resultado maioritario o *castelán* como primeira opción en case todos os ámbitos (familia e amizades, con independencia do interlocutor).

Á vista das elevadas porcentaxes en lingua castelá:

- Probablemente moitos alumnos/as contacten co galego (que o falen) só no centro escolar co profesorado que, efectivamente, fala galego (ou nas clases de galego, cando o fan).
- Nun contexto castelanfalante como o que se observa no centro, é máis doado que os galegofalantes pasen ao castelán co profesorado (no global de 82%) cá inversa (55,1% anterior).
- Probablemente moitos galegofalantes perdan o hábito de falar en galego nas clases co profesorado dado o hábito estendido que se crea ante ese 82 %.

Nestes datos, existe unha importante excepción: o alumnado que fala co profesorado que emprega o galego utiliza esta lingua en máis do 55 % dos casos. Reparando neste dato:

- Observamos que a lingua do profesorado determina nunha maioría dos casos a lingua do alumnado.
- Destacamos a importancia do papel do profesorado como modelo de lingua e como elemento normalizador dentro da comunidade escolar.
- Está nas nosas mans contribuírmos a incrementar os usos comunicativos en lingua galega co alumnado, pero tamén coas familias do alumnado. Sobre todo, se temos en conta tanto o abandono que se produce por parte do alumnado galegofalante da súa lingua no centro educativo como a inminente consumación do proceso de substitución lingüística en que nos atopamos.
- Propomos animar a que o profesorado utilice normalmente a lingua galega fóra das aulas e nas súas relacións co alumnado, e pedímoslle que faga o mesmo na súa relación coas familias deste, petición que facemos extensiva ao persoal de administración e servizos.

Un dato relevante é que non se declara por parte do alumnado que no centro se empreguen as *outras* linguas (que si declaran falar no ámbito familiar, como vimos). Nin sequera o propio alumnado árabe, o maioritario, manifesta o uso ocasional da súa lingua no seu propio grupo (durante os recreos, como elemento de comunicación para a realización dun traballo en grupo, etc.). Prodúcese unha situación de silencio na resposta ou é un dato real?

Cómpre investigar nesta liña en futuros traballos. Quizais sexa interesante elaborar sondaxes específicas para coñecer estoutros hábitos e actitudes. En calquera caso, o centro escolar percíbese como un entorno castelanizante, tanto para estes usuarios das linguas como para os casos xa mencionados dos monolingües en galego.

Tamén sorprende que non se declare que se falen as *outras* linguas fóra do centro entre os amigos, nin sequera entre o alumnado árabe.

Observamos unha continuidade con relación aos datos de 2018 (PSC-2018). A lingua habitual que manifestaba o alumnado nestes mesmos ámbitos é o castelán nuns resultados moi similares aos actuais (2,5 puntos sobre 5). Por ámbitos, percíbese unha tendencia similar en 2018: o alumnado tende a falar máis galego na familia (PSC-2018 3,2 puntos sobre 5) e máis castelán coas amizades.

3.2.5. Competencia comunicativa percibida (nivel de coñecemento das linguas)


A competencia comunicativa que cada falante percibe sobre si mesmo/a relaciónase coa seguridade e inflúe na decisión de optar por unha ou outra lingua. Un galegofalante que empregue mal castelán non alterará os seus hábitos monolingües, e viceversa, porque non se sente seguro. Neste sentido, o alumnado foi tamén consultado sobre o grao de percepción de seguridade que posúe sobre as linguas.

Aínda que haxa que tratar con cautela estas respostas, ao se trataren de impresións expresamente subxectivas, coidamos que poden aproximarnos a un coñecemento sobre a comparación entre competencias galego-castelán no alumnado do noso centro.

Para o alumnado de EP, interesámonos pola percepción que posúe en relación coa escrita tanto no galego como no castelán, ou noutras. O 53,4 % responde que pensa que escribe mellor en lingua castelá, fronte a un 32,6 % que se sente seguro escribindo nas dúas, e case un 12 %, en galego.

Resulta destacable que haxa alumnado (2,1 %) que sinalou sentirse máis seguro escribindo en árabe, ou brasileiro. Ante esta situación, preguntámonos, que papel debe ter o centro educativo? En relación con isto, entran a xogar as reflexións que xa viñemos realizando desde o inicio deste PSC-2021 e a posibilidade de outorgarmos visibilidade a estoutras realidades lingüísticas do centro.

En que lingua pensas que escribes mellor? EP. Enquisas PLC 2021



Outras (2,1 %): Árabe (2), Catalán, Portugués do Brasil

Un obxectivo razoable neste aspecto sería incrementar, desde o noso labor como docentes, o número de usuarios que se sintan con total seguridade nas dúas linguas. E tamén, polo menos, tratar de equilibrar as porcentaxes de quen se sintan máis seguros nunha lingua ou noutra.


Como propostas posibles ante esta situación, cabe desenvolver máis actividades de reforzo de lingua en galego, tamén desde materias distintas ás linguas. Nas clases de linguas estranxeiras, darlle tamén cabida ao galego en exercicios de tradución e contraste de linguas (no caso de que non se faga). Que o galego teña máis presenza noutro tipo de actividades ou programas, como actos culturais, actividades extraescolares, proxectos educativos, propostas de intercambio, etc.

3.2.6. Actitude ante o galego no centro educativo

Formulamos esta pregunta coa intención de analizarmos as actitudes lingüísticas do alumnado verbo da normalización do galego. Lendo os resultados e as respostas coas que xustificaban a súa opinión (lembrems que neste caso o tipo de resposta era aberta e non se lle presentaban máis opcións ca un *si* ou un *non* iniciais), podemos concluír que neste aspecto as actitudes positivas cara a un maior uso do galego son claramente maioritarias, tanto para EP (84,4 %)

Non obstante, debemos seguir traballando neste sentido, pois comprobamos que aínda se mantén un nivel considerable de actitude negativa cara ao galego (15,6 %).

Gustaríache que se falase máis galego na escola? EP. Enquisas PLC 2021



Outros (7 %): Indiferente

Desde o punto de vista cualitativo, as explicacións que xustifican as distintas opcións de resposta denotan actitudes positivas e negativas respecto do galego ou do castelán cos seguintes argumentos (EP):

Por que?

Para o SI:

- *Porque non o falamos / fálase moi pouco / case todo o mundo fala castelán / estase perdendo / está desaparecendo.* (27)
- *Porque é bonita / porque me gusta o galego / porque o castelán non me gusta.* (22)
- *Porque estamos en Galiza / é a nosa / miña lingua / é importante* (19)
- *Para aprender máis cousas / poder practicalo* (14)

- *Porque me gusta falar galego* (6)
- *Porque para min é máis cómodo* (1)
- *Porque é unha das nosas linguas* (1)
- *Gustárame, porque as amigas non o falan* (1)
- *Porque en todas se fala castelán* (1)
- *Porque só o falamos en tres materias* (1)
- *Porque aquí o falamos mellor* (1)

Para o NON:

- *Porque non me gusta / porque me gusta máis o castelán* (7)
- *Porque me confundo al escribir / é difícil / non o entendo* (4)
- *Porque falamos case todo o tempo en galego* (1)

Dentro do grupo que respondeu positivamente, salienta a diversidade de argumentos e, especialmente, as opinións que amosan a preocupación pola propia supervivencia do galego.

No que respecta ao grupo dos que responderon negativamente, a maioría das actitudes oscilan entre os que non gustan da lingua galega ou de quen teñen a sensación de inseguridade por baixa competencia.


En ambos os dous casos, parécenos importante salientar que existe un certo número de alumnos que amosan de xeito explícito prexuízos sociais respecto dos idiomas, ben sexa porque non gusta o galego ou porque non gusta o castelán. Con independencia do uso, que é unha opción persoal, as actitudes negativas cara a unha lingua, sexa cales foren, deberan diminuírse o máximo posible mesmo tratando de conseguir a súa total desaparición.

3.2.7. Hábito lector voluntario en lingua galega

Pregunta importante para o reforzo da competencia lectora e lingüística do noso alumnado. Temos unha porcentaxe bastante alta dos que podemos considerar moi bos lectores (80,1 % en EP), aqueles que len sen que llelo manden durante as vacacións e ao longo do curso.


Aquí cumprirá seguir traballando para conseguirmos que o alumnado que confesa ler só os libros que lles mandan no centro se afeccionen a esta actividade de cando en vez por pracer (e na lingua que estimen oportuna).

Les algún libro pola túa conta, sen que cho mande o profesorado? EP. Enquisas PLC 2021



Como cuestión derivada, formulamos a pregunta de se existen libros en galego entre os que len con carácter voluntario. Entre os bos lectores de EP, a disposición para ler en galego é favorable nun 69,1%, o que resulta un aspecto moi positivo

Entre eses libros voluntarios, hai libros en galego? EP. Enquisas PLC 2021



Neste sentido, pensamos que a promoción da lectura en galego debe vir acompañada pola recomendación dun conxunto de títulos que resulten especialmente atractivos para as idades dos rapaces/as enquisados/as. Debemos fuxir da relación de libros considerados do canon histórico e literario galego (que, malia que son moi recomendables, se perciben como material de estudo) e ofrecer suxestións de títulos renovados que conecten cos intereses da adolescencia.

Esta recomendación podería incidir positivamente tanto na promoción da lectura como na creación dun hábito lector voluntario en galego que mellore estas porcentaxes. Traballar tamén as actitudes cara á lingua vai axudar a este propósito.

Son positivas –aínda que se ven insuficientes, de acordo cos datos– as experiencias que se levan a cabo no centro desde a biblioteca escolar do centro, onde se fomenta o hábito de lectura xeral, e o coñecemento e a promoción dos títulos en galego máis recentes (a través dos clubs de lectura, a hora de ler, etc.). Cómpre, con todo, seguir traballando en proxectos interesantes que se establecen no centro, como o Plan Lector, a promoción da Biblioteca e das súas actividades, o fomento dos clubs de lectura e os plans de lectura das materias, entre outros.


3.2.8. Hábitos lingüísticos do alumnado en relación coa televisión e a música

Para a normalización dun idioma, son fundamentais os contextos socializadores da familia, a escola e o grupo de iguais (amigos), xa analizados nos apartados precedentes. Con todo, as tendencias sociais actuais sinalan como cuarto medio normalizador a televisión e as novas tecnoloxías. Para o caso do galego, podemos facer moito desde o noso centro, aínda que loxicamente existen esoutros factores sociais que poden xogar a favor ou en contra.

En canto aos medios de comunicación, atopamos que a inmensa maioría se desenvolven en castelán, e quixemos preguntarlles ao noso alumnado directamente por eles. Pretendemos saber a medida en que interfieren nas súas preferencias persoais, dentro da oferta existente, os programas que se producen en galego.

Para EP, o 54,7 % do alumnado afirma que non ve ningún programa de televisión en galego. As razóns que expliquen esta situación poden ser varias: calidade e variedade da oferta de programación en lingua galega, incremento da chamada *televisión á carta*, que diversifica as opcións para o castelán e outros idiomas e anulanas para o galego dada a súa inexistencia, etc. Descoñecemos neste sentido se as actitudes negativas cara á lingua interveñen nestes datos e, en caso afirmativo, en que medida inflúen nesta decisión.

Ves algún programa de televisión en galego? EP. Enquisas PLC 2021



Outras (4 %): Ás veces

Para os casos afirmativos, en ambos os dous niveis educativos (EP con 45,3 %) incluíuse un espazo reservado de libre resposta para explicar o tipo de produtos que se consomen. A maioría das contestacións limitouse a mencionar diversos títulos de programas de televisión que se emiten en horario de máxima audiencia (*prime time*).

Descoñecemos os motivos polos que un rotundo 70 % do alumnado declara que non escoita música en galego. A calidade e variedade da oferta musical en lingua galega é alta e moi ampla, pois son moitos os estilos, grupos e solistas que cantan en galego. Descoñecemos tamén se as actitudes negativas cara á lingua interveñen tamén nestes datos e, en caso afirmativo, en que medida inflúen nesta decisión.

Debemos traballar na difusión da nosa música en lingua galega, pois quizais esteamos ante un problema de visibilidade social (o que nos leva se cadra a cuestións económicas e de mercado, entre outras), xa que esta arte tan diversa e de tanta calidade tamén podería contribuír a normalizar de xeito efectivo a lingua.


3.2.9. Hábitos lingüísticos do alumnado en relación con internet

Un baixo número de persoas declara que consulta contidos de internet unicamente en galego (7,9 % en EP). Estes resultados parecen comprensibles se pensamos na oferta que existe na nosa lingua en relación co castelán ou co inglés, algo polo que haberá que seguir traballando.

Do total de alumnado de EP, máis da metade (67,9 %) afirma facer uso de internet en lingua galega asociado ao consumo de contidos para as clases do centro escolar. Aínda que esta resposta xustifica perfectamente o uso, sorprende que exista alumnado que non se sinta estimulado a buscar contidos en lingua galega nin sequera por este mesmo motivo (un 24,2 % para EP).

Unha medida necesaria que pensamos pode levarse a cabo sería a posta en marcha dun Banco de Recursos, tanto en liña na rede como físico na biblioteca, que promova e ofrezca aquel conxunto de recursos existentes en lingua galega, e que estea dispoñible para calquera usuario da comunidade escolar.

Consultas contidos de internet en galego? EP. Enquisas PLC 2021



3.2.10. Actitudes e prexuízos do alumnado en relación coa lingua galega

Finalmente, para o sector do alumnado interesounos rematar o cuestionario preguntando polas actitudes e prexuízos que manifesta en relación coa lingua. Para iso, ofrecéronse unha serie de afirmacións ante as cales o alumnado debía sinalar o grao de acordo que mostraba sobre elas.

En xeral, o alumnado móstrase amplamente de acordo (96%) con que ninguén debe ser discriminado por usar a súa lingua propia (sen especificar cal). Ao que parece unha afirmación de sentido común, en cambio, manifestan desacordo o 2,9 % e móstrase indiferente o 1%.

Hai acordo tamén amplo no recoñecemento da lingua galega como propia de Galicia (88,3 %). Ante o que semella unha obviedade, existe unha porcentaxe de pouco máis de tres puntos que se manifesta en desacordo, e máis de oito puntos porcentuais que non se pronuncian.

No 70 % sitúanse as respostas que se mostran de acordo con que o galego e o castelán deberan estar presentes en todos os ámbitos da vida cotiá en igualdade de condicións; un 25,2 % de persoas non se pronuncian, e un 4,8 % móstrase en desacordo. Sorprende, en cambio, que acto seguido se propoñan dúas situacións derivadas deste principio e as porcentaxes varíen: que os medios de comunicación (prensa, televisión, internet) deberan usar máis o galego posúe 5,9% de mostras en contra e 34,3 % de persoas que se mostran indiferentes; que as cartas dos restaurantes, as etiquetas dos produtos, a publicidade..., tamén deberan estar escritas en galego conta co 11,2 % en contra, e o 46,1 % indiferente...

É significativo o seguinte dato: o 68,7 % do alumnado afirma que utilizaría máis o galego se os compañeiros tamén o falasen. Ao lado desta, propónse outra similar “gustaríame que os meus amigos falasen máis galego”, que non mostra tantos apoios pero que segue a ser elevada: 40,7 %.

Hábito comunicativo. 5º e 6º. Enquisas PLC 2021 (datos en %)

	De acordo	Indiferente	En desacordo
Ninguén debe ser discriminado por usar a súa lingua (no traballo, no comercio, nunha reunión, nun xuízo...)	96.1	1	2.9
O galego é a lingua propia de Galicia	88.3	8.3	3.4
O galego debe estar presente en todos os ámbitos da vida cotiá en igualdade de condicións ca o castelán	70	25.2	4.8
Os medios de comunicación (prensa, televisión, internet...) deberan usar máis o galego	59.8	34.3	5.9
As cartas dos restaurantes, as etiquetas dos produtos, a publicidade... tamén deberan estar escritas en galego	42.7	46.1	11.2
Gustaríame que os meus amigos falasen máis galego	40.7	46.6	12.7
Non me gusta que se rían de mín por empregar gheada e seseo	54.5	35.5	10
Utilizaría máis o galego se os meus compañeiros tamén o falasen	68.7	17.9	13.4
Dáme vergoña falar en galego, por iso non o utilizo tanto Non falo ben o galego, por iso non o utilizo tanto	20	22.4	57.6
	22.2	16.2	61.6

Que o profesorado empregue o galego coa alumnado é un factor importante, como vimos, para que o alumnado se decida a empregar o galego; agora temos que o alumnado se mostraría máis disposto a empregar a lingua se os seus compañeiros/as tamén o fixesen, e mellor aínda, gustaríalles que estes amigos así o fixesen... Non se connota o emprego de marcas fonéticas dialectais e manifestan non sentir vergoña por empregar o galego... Non se pensa que se fale mal a lingua... **Que está a pasar realmente? Cales son os condicionantes ou os elementos determinantes que levan a que non se empregue a lingua galega efectivamente, cando “parece tan favorable” o entorno? Que fai, como tamén vimos, que os galegofalantes pasen ao castelán no centro escolar? Son contradicións para as cales non temos resposta.**


3.3. Contexto sociolingüístico do profesorado

O sector do profesorado contempla todos os niveis educativos do CEIP Manuel Padín Truiteiro: Educación Infantil (EI), Educación Primaria (EP). Ofrecemos os datos da análise considerando primeiro os resultados globais e despois comentando os datos máis relevantes por grupos.

O sector do profesorado resulta estratéxico á hora de servir como elemento normalizador da lingua galega no contexto escolar. Por este motivo, consideramos importante valorar tamén os resultados dos seus hábitos lingüísticos.

3.3.1. Lingua inicial do profesorado


En termos xerais, case a metade do profesorado (45 %) declara como lingua inicial o castelán, fronte o 24,1 % que manifesta como lingua inicial o galego.



3.3.2. Hábito lingüístico familiar do profesorado

O global do profesorado declara en maior medida que emprega coa familia *máis castelán* (30,5%) ou *galego* (28,3 %), seguida de *castelán* (25,7 %).

No ámbito familiar prodúcese unha práctica equiparación nestes tres resultados. A familia percíbese, pois, como ámbito que aínda mantén o galego.




3.3.3. Hábito lingüístico do profesorado coas amizades

Observando os datos globais, o profesorado declara que emprega coas amizades *é máis castelán* (28,1 %) ou *castelán* (25,7 %), seguida a pouca distancia polo *galego* (18,5 %) ou *as dúas por igual* (17,5 %).

Por niveis e lingua, é o profesorado de EP quen conserva o galego nas súas interaccións entre amigos (33,3 %), aínda que neste grupo a opción *máis castelán* mantén a mesma porcentaxe.

Lingua habitual coas amizades (profesorado). Enquisas PLC 2021. Datos en %



3.3.4. Hábito lingüístico do profesorado no traballo

En termos globais, o cadro de persoal do CEIP Manuel Padín Truiteiro manifesta que utiliza no seu traballo a lingua galega nun 30,1 %. En menor medida, o profesorado declárase falante de *máis castelán* (20,3 %) e *máis galego* (19,3%) case nas mesmas proporcións. A moi pouca distancia atópase quen di empregar as dúas linguas por igual (17,2 %). Os monolingües de castelán sitúanse en quinta posición, cun 10,2 % dos resultados.


Neste sentido, debemos dar os parabéns ao profesorado que emprega en maior medida a lingua galega no seu traballo, é dicir, no centro escolar, pola importancia que a súa figura posúe como elemento normalizador de cara a derrubar os clichés que existen en relación coa lingua (xa constado en apartados precedentes) e tamén por mellorar a competencia lingüística do alumnado.

Lingua de uso do profesorado no traballo. Enquisas PLC 2018

Manténdonos nos resultados globais, mentres que o profesorado de EI declara maior emprego do castelán (37,7 %). Na etapa de EP, o uso do galego por parte do profesorado é equitativo (33 %).

Lingua de uso no traballo. EI. Enquisas PLC 2021 (datos en %)

	Galego	Máis galego	As dúas por igual	Máis castelán	Castelán	Outra
... cos teus compañeiros/as?	20	20	0	40	20	0
... co persoal non docente?	20	20	0	40	20	0
... coas familias?	0	20	20	60	0	0
... con outras entidades (sindicatos, administración da Xunta, editoriais, etc.)?	40	0	0	40	20	0
... co alumnado na aula?	0	40	40	20	0	0
... co alumnado fóra da aula?	0	40	40	20	0	0
... por escrito nos materiais de aula elaborados por ti (apuntamentos, diapositivas, fichas, etc.)?	40	40	0	20	0	0



... por escrito nos materiais de aula obtidos de internet (diapositivas, vídeos, etc.)?	0	20	0	80	0	0
... por escrito nos materiais de aula das editoriais (esquemas, mapas, textos, etc.)?	20	60	0	20	0	0
... por escrito nas observacións/notas que escribes nos cadernos/axendas do alumnado?	50	25	0	25	0	0
... nos exames, sexan escritos ou orais?	50	0	0	50	0	0
GLOBAL EI	21.8	25.9	9.1	37.7	5.5	0

Lingua de uso no traballo. EP. Enquisas PLC 2018 (datos en %)						
	Galego	Máis galego	As dúas por igual	Máis castelán	Castelán	Outra
... cos teus compañeiros/as?	33.3	14.3	14.3	23.8	14.3	0
... co persoal non docente?	28.6	19	23.8	14.3	14.3	0
... coas familias?	19	33.3	33.3	4.8	9.6	0
... con outras entidades (sindicatos, administración da Xunta, editoriais, etc.)?	47.6	23.8	9.5	9.5	9.5	0
... co alumnado na aula?	4.8	23.8	57.1	9.5	4.8	0
... co alumnado fóra da aula?	23.8	19	38.1	9.5	9.5	0
... por escrito nos materiais de aula elaborados por ti (apuntamentos, diapositivas, fichas, etc.)?	14.3	38.1	33.3	4.8	4.8	4.8
... por escrito nos materiais de aula obtidos de internet (diapositivas, vídeos, etc.)?	14.3	14.3	33.3	28.6	4.8	4.8
... por escrito nos materiais de aula das editoriais (esquemas, mapas, textos, etc.)?	14.3	19	52.4	4.8	4.8	4.8
... por escrito nas observacións/notas que escribes nos cadernos/axendas do alumnado?	42.9	23.8	23.8	0	9.5	0
... nos exames, sexan escritos ou orais?	9.5	4.8	66.7	4.8	9.5	4.8
GLOBAL EP	23.7	21.9	33	10.7	8.9	1.8

Considerando o papel importante que o profesorado posúe para o hábito comunicativo do alumnado no centro escolar, que vimos en apartados precedentes (vid. 3.2.4.), repararemos agora na lingua que o profesorado declara falar co alumnado. En termos xerais, o profesorado declara que emprega *galego* ou *máis galego* co alumnado nos dous niveis educativos, sobre todo, en EP. A opción comunicativa que o profesorado emprega coas familias por parte do profesorado é *máis galego* (EP), e en EI pasa a ser *máis castelán*.


É destacable que o profesorado de EP mostre uns usos variables en función da situación comunicativa en que se atope co alumnado: os hábitos monolingües en castelán son maiores fóra da aula (EP: 9,5 %) ca dentro dela (EP: 4,8). Entendemos que a lexislación educativa inflúe no factor da lingua na clase, pero ante esta situación, o alumnado ten a percepción de que, fóra das aulas, o galego ten menor presenza, o cal non axuda ás pretensións de normalizar a lingua no contexto escolar.

Propomos animar a que o profesorado utilice normalmente a lingua galega tamén fóra das aulas e nas súas relacións co alumnado, e pedímoslle que faga o mesmo no seu contacto coas familias deste, petición que facemos extensiva ao persoal non docente.


3.3.5. Capacitación do profesorado para empregar o galego

O profesorado percibe que o seu nivel de coñecemento en lingua galega é alto en termos globais. Considerando as destrezas, son maiores os índices das comprensións (oral e escrita).


Capacitación percibida sobre a lingua galega (global profesorado). Enquisas PLC



Capacitación percibida sobre a lingua galega. EI. Enquisas PLC 2021



Capacitación percibida sobre a lingua galega. EP. Enquisas PLC 2021




3.3.6. Capacitación do profesorado para empregar o castelán


En conxunto, o profesorado percibe que o seu nivel de coñecemento da lingua castelá é moi alto nas competencias pasivas, é dicir, na comprensión escrita e oral. É alto, en cambio, nas destrezas activas (expresión oral e escrita).

Capacitación percibida sobre a lingua castelá (profesorado). Enquisas PLC 2021

Capacitación percibida sobre a lingua castelá. EI. Enquisas PLC 2018




Capacitación percibida sobre a lingua castelá. EP. Enquisas PLC 2018



3.3.7. Percepción do profesorado sobre dificultades no galego

Malia que os resultados en termos globais son altos de acordo cos datos que vimos no apartado precedente (grao de capacitación percibida na lingua galega), o profesorado reconece aínda dificultades no uso da lingua. Estas coinciden coas competencias activas (escrita e fala), en correspondencia dos datos do apartado anterior.

Que che resulta máis difícil en galego? (Profesorado). Enquisas PLC 2021




Outra: EI: “Nada en concreto”; EP: “Ningunha”

Neste sentido, propoñemos que o profesorado actúe, que escriba e fale o galego, como medida para superar esta dificultade. E, por suposto, que conte cos recursos que ofrece o propio centro, entre os cales se atopa o EDLG, para solucionar posibles dúbidas relacionadas coa súa documentación escrita para a docencia.


3.3.8. Capacitación do profesorado para empregar o galego na actividade docente

O profesorado considérase altamente capacitado ou moi altamente capacitado para exercer a súa función docente en lingua galega, nun 62,4 %. Só o 4 % entende que non se encontra en condicións de empregar o galego nas aulas.


**Capacitación para empregar o galego na actividade docente.
Global profesorado. Enquisas PLC 2021 (datos en %)**



Capacitación para empregar o galego na actividade docente. EI. Enquisas PLC 2021



Capacitación para empregar o galego na actividade docente. EP. Enquisas PLC 2021



No estudo do PSC-2018, o profesorado tamén mantiña unha valoración positiva na súa capacidade para utilizar o galego na súa actividade docente, malia que non o empregaba tanto a pesar de mostrar tamén dispoñibilidade a empregalo no seu día a día. A actitude do profesorado de cara á utilización da lingua galega no ámbito educativo superaba os 3,5 puntos sobre 5 totais (máis do 70 %).


3.3.9. Disposición do profesorado para facer cursos de reciclaxe e actualización

O grao de coñecemento que se ten sobre a lingua, que é elevado, non debera ser obstáculo para o seu uso no contexto escolar. Como vimos, só o 37,4 % do profesorado reconece que posúe unha competencia comunicativa media, baixa ou moi baixa da lingua galega.


Sobre esta cuestión, é significativa a disposición positiva que existe en relación coa realización de cursos que permitan a mellora da competencia sobre a lingua (*alta* ou *moi alta* nun 62,8 %). Terían unha disposición *media* un 33,4 %. Á vista dos datos, un obxectivo do Proxecto Lingüístico debe ser promover e facilitarlle ao profesorado o perfeccionamento da súa competencia. Desde o centro educativo pódense adoptar medidas ben sinxelas que contribúan nesta materia: ofrecer recursos educativos (por exemplo, propoñer a creación dun banco de recursos, xa mencionado en apartados precedentes) e poñer a disposición do profesorado material de consulta, así como, por exemplo, crear cursos transversais que capaciten lingüisticamente (grupos de traballo).

Non existe ningún interese *baixo* a realizar cursos de reciclaxe, pero sorprende que, en cambio, atopemos un 16,7 % do profesorado que mostra unha actitude *moi baixa* a realízalos. Entendemos que esta opción contempla aquelas persoas que non están dispostas a mellorar ou perfeccionar a súa competencia en galego. Descoñécese o motivo polo que se adopta esta postura, que se pode mover entre aquelas persoas monolingües en castelán e polo tanto que non o empregan nunca na súa vida docente, ou aquelas que consideran que o seu grao de competencia é tan alto que non o precisan (neste caso, algo que sería moi favorable, por outra parte), por exemplo e entre outros.


Disposición para facer cursos de reciclaxe e actualización.
Global profesorado. Enquisas PLC 2021 (datos en %)



Disposición para facer cursos de reciclaxe e actualización.EI. Enquisas PLC 2021 (datos en %)



Disposición para facer cursos de reciclaxe e actualización.EP. Enquisas PLC 2021 (datos en %)



No estudo do PSC-2018, o profesorado tamén mantíña unha disposición favorable para reciclarse e actualizarse no uso do galego.


3.3.10. Lingua do alumnado nas clases (co profesorado e entre eles)

De acordo coa percepción do profesorado, o alumnado inclínase a falar *máis castelán* nas aulas (61,8 %). O profesorado percibe que predomina o alumnado que utiliza *máis galego* (17,5 %) ca aquel que utiliza *as dúas por igual* (13,5 %).


Entre o alumnado, o profesorado percibe que existe alumnado monolingüe en castelán (5,3 %), e en cambio non percibe monolingües en galego. Constátase, pois, a tendencia á desaparición do galego nas aulas fronte o castelán.

Por niveis, existe unha maioría en EI de alumnado que fala máis castelán. Vai descendendo esta proporción en EP. En ningún dos casos se percibe ningunha porcentaxe de monolingüismo en galego.


Lingua de uso do alumnado nas clases. Global profesorado. Enquisas PLC 2018



Lingua de uso do alumnado nas clases. EI. Enquisas PLC 2018



Lingua de uso do alumnado nas clases. EP. Enquisas PLC 2018



Máis galego (4,8 %)

Só castelán (4,8 %)

3.3.11. Percepción do profesorado sobre a presenza da lingua galega no centro

Este concepto, percepción que o profesorado ten sobre a presenza da lingua galega no centro educativo, relaciónase coa expresión de *paisaxismo lingüístico*, que é aquel que contempla a rotulación do centro, as carteleiras, o uso desta lingua nas actividades extraescolares, etc.


En xeral, percíbese que o galego ten unha presenza *plena* (56,9 %) ou *ampla* (35,9 %). O 7,2 % considera que, en cambio, o galego non goza dun papel preeminente (sumando os valores *moderado* e *escaso*).

Por niveis, é en EP onde se atopan os valores de *escasa* presenza da lingua galega no centro (4,8 %).


Presenza xeral da lingua galega no centro educativo. Global profesorado. Enquisas PLC 2021



Presenza xeral da lingua galega no centro educativo.EI. Enquisas PLC 2021



Presenza xeral da lingua galega no centro educativo. EP. Enquisas PLC 2021



Escasa (4,8 %)

Nos datos do PSC-2018, a presenza da lingua galega na documentación, rotulado, etc., é dun 4 sobre 5, resultados moi similares aos actuais en proporción se atendemos os índices máis positivos da nosa sondaxe.

3.3.12. Percepción do profesorado sobre o nivel de dotación de fondos en galego da biblioteca

O 55,4 % do profesorado entende que o nivel de dotación de fondos en lingua galega da biblioteca é suficiente ou moi completo. O 26,2 % mostra a opinión contraria. O número de persoas que descoñecen o número, cantidade e calidade do material en lingua galega de que dispón o centro (16,7 %).


O labor do profesorado, como vemos, é fundamental á hora de mediar e intervir nun proceso de normalización da lingua. Sería idóneo para a promoción da lingua e a normalización da situación de plurilingüismo en que vivimos que o profesorado, sexa cal for a materia e a lingua en que a imparta, coñecese o fondo existente da súa área en galego para poder ofrecelo ou recomendalo tamén ao alumnado.

Percibimos, unha vez máis, a necesidade de levar adiante iniciativas como as xa comentadas: creación dun Banco de Recursos en lingua galega para as distintas materias e facelo visible (independentemente de que despois o alumnado o chegue a consultar ou non), crear proxectos interdisciplinares coordinados polo equipo da biblioteca, etc.


Nivel de dotación de fondos en galego da biblioteca escolar. Global profesorado. Enquisas PLC 2021 (datos en %)



Nivel de dotación de fondos en galego da biblioteca escolar. EI. Enquisas PLC 2021



Nivel de dotación de fondos en galego da biblioteca escolar. EP. Enquisas PLC 2021



Moi completo (5 %)


Outros (5 %)

En datos de PSC-2018, atopamos que a dotación de fondos en galego é mellorable (3 sobre 5), sobre todo, nos materiais audiovisuais e revistas. Explicase que a intención dos responsables era establecer daquela un equilibrio entre as adquisicións en galego e castelán co interese tamén de salvar unha débeda co galego de anos previos. Neste sentido, á vista do elevado grao de satisfacción que atopamos entre os usuarios docentes, este parece ser o camiño.

3.3.13. Percepción do profesorado sobre os recursos didácticos en galego

O conxunto do profesorado declara maioritariamente que os recursos didácticos que existen en lingua galega non son suficientes (35,5%) e debera crearse maior cantidade de materiais (25,1%).

Recursos didácticos en galego. Global profesorado. Enquisas PLC 2021. Datos en %



Outra...: (EP) "Hai material actualizado interesante, porén suficiente".

Sería desexable que o profesorado en conxunto, con independencia da súa materia e da lingua en que a imparta, poida coñecer os recursos existentes en galego en relación coa súa área de coñecemento para poder recomendarlos nas clases.


3.3.14. Axentes de capacitación en galego

Percíbese a familia como principal axente de capacitación en lingua galega, considerada como *moi alta* (56,2 %) ou *alta* (26,6 %). Sitúase a moita distancia da escola, que é o seguinte axente mellor valorado, percibido de importancia *alta* (63,8 %) ou *moi alta* (33,8 %).


O concello (47,5 %), os medios de comunicación (46,7 %) e as novas tecnoloxías (44,3 %) son tamén vistos como axentes de alta capacitación. Contribúe en menor medida a mellorar no uso da lingua, en cambio, a parroquia, que se percibe como axente *baixo* (33,2 %) ou *moi baixo* (27,9 %).

Á vista dos datos, se temos que a familia é o principal axente de capacitación en lingua galega, pero á vez contemplamos como é o ámbito en que menos se emprega por parte do alumnado (vid. 3.1.2. e 3.2.3.), debemos propoñer desde a escola medidas que incentiven o traballo en contra dos prexuízos existentes en relación coa lingua galega que operan no seo das familias e que impiden que esta teña maior presenza neste contexto.


Importancia dos axentes de capacitación en galego
Global profesorado. Enquisas PLC 2021



Importancia dos axentes de capacitación en galego. EI. Enquisas PLC 2021



Importancia dos axentes de capacitación en galego. EP. Enquisas PLC 2021




3.3.15. Coñecemento da lexislación educativa por parte do profesorado

O profesorado declárase maioritariamente coñecedor da lexislación educativa en materia de lingua (72 %). Con todo, unha elevada parte do profesorado, o 19,4 %, manifesta que non coñece a lexislación nesta materia. Sería conveniente que todo o profesorado poida coñecer a lexislación en materia de lingua para poder garantir os dereitos do alumnado en relación coa lingua.

Coñecemento da lexislación lingüística Global profesorado. Enquisas PLC 2021




Coñecemento da lexislación lingüística. EI. Enquisas PLC 2021



Outro (20 %): "Non toda"

Coñecemento da lexislación lingüística. EP. Enquisas PLC 2018



3.3.16. Coñecemento do EDLG por parte do profesorado

O 100 % do profesorado declara que coñece todas as actividades do EDLG. Neste sentido, atopamos unha melloría considerable con relación aos resultados do PSC-2018, momento en que se consideraban moi aceptables as accións do EDL (68%: 3,4 sobre 5).

A presenza do EDLG na comunidade educativa é importante se temos en conta que:

- A súa constitución e programación anúnciase na documentación do centro (PXA).
- O equipo está formado por case a metade do cadro de profesorado do centro (42,6 % do profesorado).
- As súas actividades difúndense nos paneis informativos propios do centro escolar, tamén a través da páxina web do centro.
- Moitas das actividades teñen especial importancia e saen publicadas nos medios de comunicación (televisión local, prensa, etc.).
- Outras actividades teñen presenza física temporal nos corredores do centro educativo (exposicións, murais, etc.) e non pasan desapercibidas.
- Algunhas das actividades mesmo interrompen a actividade docente diaria (charlas, saídas, etc.), sen mencionarmos aquelas que teñen especial repercusión ou interese xeral entre todo o conxunto do profesorado (revista escolar, radio escolar, etc.).

3.3.17. Outros ámbitos de uso da lingua galega por parte do profesorado

Case o 30 % do profesorado recibe ou utiliza o galego tamén no ámbito da familia, polo que non se trata de profesorado castelanfalante que emprega exclusivamente o galego no contexto docente. Percibe tamén os medios de comunicación, a música, o concello e as novas tecnoloxías como ámbitos de uso importantes en galego. Por niveis, mantense esta mesma tendencia.

Os elementos sinalados como “outros” non son significativos por canto que as observacións que se realizan se corresponden con cuestións xa preguntadas noutros apartados desta enquisa.

3.3.18. Dominio doutras linguas por parte do profesorado

A maioría do profesorado (44,3 %) declara non dominar outras linguas máis alá do galego e do castelán. Ante o grupo de profesorado que respondeu afirmativamente, a lingua que máis declara dominar o global do profesorado é o inglés (33,5 %).

Dominio doutras linguas. Profesorado. Enquisas PLC 2021. Datos en %

	EI	EP	Global profesorado
Si, alemán	0	0	2
Si, francés	0	35.7	13.9
Si, inglés	25	28.6	33.5
Si, portugués	0	7.1	6.3
Non	75	28.6	44.3

3.3.19. Interese do profesorado por visibilizar as outras linguas no centro

O profesorado, coñecedor da diversidade lingüística existente no centro, móstrase favorable en case un 70 % das respostas a facer visible dalgunha maneira as outras linguas que utiliza o alumnado.


Debemos, pois, orientar os nosos esforzos neste sentido: propoñer proxectos, actividades, plans, etc., que traballen con este alumnado e contribúan a integralo na comunidade educativa empregando a súa lingua inicial. Pero este debera ser un obxectivo interdepartamental, tanto do ámbito de linguas como

doutras áreas do coñecemento, e tanto en forma de actividades extraescolares como de proxectos interdisciplinares, tarefas que quedan pendentes para os vindeiros cursos.


É importante continuar cos programas de formación que xa se levan a cabo no centro, como o programa de lingua árabe, pero cómpre facermos visible con outro tipo de iniciativas estas realidades hoxe non consideradas. Serían propostas que axudan na integración do alumnado, que mostran modelos comunicativos e culturas diferentes das que podemos aprender e que van enriquecer a nosa vida escolar e axudarnos a medrar tamén no aspecto persoal.

Con todo, é elevada a porcentaxe de respostas que non o consideran necesario (23,3 %), actitude que non toma en consideración esoutras realidades comunicativas que, queiramos ou non, forman parte do noso alumnado.


Deberíamos visibilizar outras linguas do centro?
Global profesorado. Enquisas PLC 2021. Datos en %



Deberíamos visibilizar outras linguas do centro? EI. Enquisas PLC 2021



Deberíamos visibilizar outras linguas do centro? EP. Enquisas PLC 2021



Outros (9,5 %)

3.4. Contexto sociolingüístico do persoal non docente


Inclúense neste apartado as enquisas realizadas ao persoal de administración e servizos que traballa no centro educativo para todos os niveis.

3.4.1. Lingua inicial e lingua habitual do persoal non docente

O persoal non docente (PND) manifesta que a súa lingua inicial é *máis galego* (66,7 %) ou *as dúas por igual* (33,3 %). A lingua que emprega habitualmente coa familia é *galego* (66,7 %) ou *máis castelán* (33,3 %). Coas amizades, este grupo declara que emprega *as dúas por igual* (66,7 %) ou *castelán* (33,3 %).


No traballo, o valor máis destacable na maioría das respostas é o emprego das linguas por igual nun 66,7 % cos compañeiros, co alumnado, coas familias do alumnado e por escrito nas observacións ou notas que realizan.

O galego emprégase na documentación escrita do centro (66,7 %) ou óptase de xeito preferido polo galego (*galego* ou *máis galego*) nas relacións con entidades como a Xunta ou sindicatos, por exemplo.




3.4.2. Capacitación do persoal non docente para empregar o galego e o castelán

O persoal non docente considera que posúe unha competencia comunicativa en galego *alta* (66,7 %) en todas as destrezas excepto na expresión oral, que pasa a ser *media*.



Para o castelán, o persoal non docente considera que posúe unha competencia comunicativa *alta* en todas as destrezas. Sobresaen os resultados para a expresión oral e a comprensión escrita, que chegan ao 100 %.


Capacitación percibida sobre a lingua castelá. PND. Enquisas PLC 2021



3.4.3. Percepción do persoal non docente sobre dificultades no galego

Os resultados en termos globais son altos de acordo cos datos que vimos no apartado precedente (grao de capacitación percibida na lingua galega). Con todo, o PND reconece aínda dificultades no uso da lingua nas competencias activas (escrita e fala), en correspondencia dos datos do apartado anterior.


Percepción sobre dificultades no galego. PND. Enquisas PLC 2021



3.4.4. Capacitación do PND para empregar o galego no seu traballo

O persoal non docente considérase altamente capacitado para desenvolverse no seu traballo en lingua galega, nun 66,7 %.


Capacitación para empregar o galego no traballo. PND. Enquisas PLC 2021 (datos en %)



3.4.5. Disposición do PND para facer cursos de reciclaxe e actualización

A disposición do PND para realizar cursos de reciclaxe e actualización da lingua galega é alta (66,7 %) ou moi alta (33,3 %).


Disposición para facer cursos de reciclaxe. PND. Enquisas PLC 2021



3.4.6. Lingua habitual do alumnado e as familias co PND

A lingua habitual que emprega o alumnado co persoal non docente é, en igualdade de proporcións, *máis galego, máis castelán* ou *as dúas por igual*. As familias, en cambio, empregan *máis galego* (66,7 %) ca *máis castelán*.


Lingua habitual co PND. Enquisas PLC 2021



3.4.7. Presenza da lingua no centro

O PND manifesta que o galego ten unha presenza *ampla* (66,7 %) no centro educativo en relación coa rótulos, os taboleiros, as actividades extraescolares, a web, etc.


Presenza da lingua galega no centro. PND. Enquisas 2021



3.4.8. Axentes de capacitación

Para o PND, a familia e o concello son os principais axentes de capacitación en lingua galega. A escola, os medios de comunicación e as novas tecnoloxías son percibidos como axentes de *media* capacitación. Contribúe en menor medida a mellorar no uso da lingua a parroquia, que se percibe como axente *baixo*.


Importancia dos axentes de capacitación en galego PND. Enquisas PLC 2021



3.4.9. Coñecemento da lexislación educativa

O 66,7 % do PND declara non coñecer a lexislación educativa en materia lingüística.


Coñecemento da lexislación lingüística. PND. Enquisas PLC 2021



3.4.10. Coñecemento do EDLG por parte do PND

A maioría do PND declara que coñece algunha das actividades do EDLG. Un terzo manifesta que non sabía que existía o EDLG. Neste sentido, como xa foi comentado no apartado correspondente ao EDLG do ámbito do profesorado, debemos mellorar a tarefa de difusión do EDLG (papel que xoga, actividades, etc.) para chegarmos a todo o persoal do centro.

Visibilidade das actividades do EDLG. PND. Enquisas PLC 2021



3.4.11. Outros ámbitos de uso da lingua galega por parte do PND

A maioría do PND recibe ou utiliza o galego coa familia e tamén no concello.

3.4.12. Dominio doutras linguas por parte do PND

O PND declara que non domina outras linguas, ademais do galego e do castelán.

3.4.13. Interese do PND por visibilizar as *outras* linguas no centro

O PND móstrase favorable a visibilizar *outras* linguas do centro nun 50%.

4. Resultado do estudo. Conclusións

As conclusións do noso estudo son, como dixemos, o resultado dunha análise realizada na comunidade educativa do Ceip Manuel Padín Truiteiro durante este curso escolar 2020/21.

Así pois, os datos aquí expostos non son máis que o resultado dunha primeira análise simplificada e preliminar daquela que debe figurar propiamente nun PLC.

En relación co propio estudo, diremos que os datos que expoñemos contemplan información relacionada cos usos, competencias e actitudes xerais que os membros da comunidade educativa posúen en relación coa lingua galega e castelá. A participación no estudo foi ampla e polo tanto os resultados que se mostran son bastante aproximados ao que poden ser as características definitorias da situación sociolingüística do noso CEIP.

En relación co ámbito das familias, debemos destacar que o castelán é a lingua que predomina como primeira opción tanto como lingua habitual coa parella, como a que se emprega cos nenos/as a cargo. O alumnado, pois, vive nun contexto familiar basicamente castelanizado.

Con todo, o galego toma certa presenza se interfire o factor idade, pois é a que predomina, por moi pouco, nas relacións dos pais cos avós. Non obstante, é importante mencionar que esta situación non se produce coas familias políticas, pois cos sogros (sobre todo as mulleres) empregan maioritariamente o castelán.

Esta situación lévanos a subliñar, como principal conclusión, que se percibe nas familias do noso alumnado unha evolución imparabile do fenómeno de ruptura da transmisión interxeracional do galego.

É importante a figura da muller como falante da lingua castelá coa parella e cos fillos, tamén nas súas relacións laborais, na veciñanza e nas amizades. Nestes tres últimos ámbitos, o home emprega maioritariamente o galego. A lingua que se emprega na escrita e nos servizos básicos (médico, banco, etc.) tamén é maioritariamente o castelán.

Percíbense maiores porcentaxes de castelán nas xeracións máis novas, especialmente, nas mulleres (familias de EI). É importante a presenza doutras linguas, sobre todo árabe, no contexto familiar do alumnado.

Existen bastantes actitudes positivas en relación coa lingua (considérase útil o galego, pensan que debe ser unha lingua de estudo e que debe fomentarse máis socialmente), e o galego ten bastante cabida nos hábitos de lectura das familias (libros, revistas, etc.), segundo manifestan.

En relación co ámbito do alumnado, debemos subliñar que, na súa maioría, declara ter como lingua inicial o castelán, que é a que tamén teñen como lingua habitual, e confirman que se crían nunha contorna familiar tamén castelanfalante.

É significativo que en EP o nivel de lingua habitual que declara o alumnado para os seus pais/nais no contexto familiar en Galicia obteña a mesma porcentaxe có uso que o alumnado declara para *outras* linguas (árabe, inglés, portugués...). O nivel de uso de *só galego* en EP entre pais/nais e fillos/as é menor ao uso que teñen as linguas *outras* nas súas casas.

O alumnado considérase competente para empregar a lingua galega, e as súas actitudes non son negativas. Móstrase favorable a que se empregue a lingua galega con maior intensidade no centro escolar e a que tanto o galego como o castelán deben estar presentes en todos os ámbitos da vida cotiá en igualdade de condicións. Recoñece de xeito maioritario que empregarían máis o galego se os compañeiros tamén o falasen. Porén, son cada vez máis quen cambian os hábitos comunicativos ao castelán en practicamente todos os ámbitos da súa vida, sobre todo nas zonas máis urbanas do concello, e son testemuñas de que só os maiores (a figura do avó) son quen realmente empregan con maior porcentaxe a lingua galega. Esta mesma conclusión podemos atopala no PSC-2018.

A partir dos datos analizados, a día de hoxe, podemos afirmar que o alumnado utiliza o castelán como lingua habitual no centro escolar de forma maioritaria. A proporción de monolingües en galego é simbólica, pois está nunha media global para todas as etapas do 6 % (fronte ao case 50 % en castelán). Esta situación é alarmante e débesele facer fronte para evitar que o alumnado monolingüe en galego, procedente principalmente das zonas rurais do concello e das localidades veciñas escolarizado en galego, se vexa movido a instalarse no castelán ao non atopar no noso centro o contexto idóneo para a socialización na súa propia lingua. Malia que a maioría declara que non fala menos galego ca antes, existe unha porcentaxe de galegofalantes (12,2 %) que si o recoñecen. Nas aulas, o profesorado non ten a percepción de que exista alumnado monolingüe en galego, como vimos.

No centro coexisten outras linguas que son faladas por grupos realmente minoritarios. É destacable a existencia do árabe, utilizada polos inmigrantes asentados na localidade. Os usos comunicativos principais destas comunidades sitúanse na lingua castelá (vehicular para eles no centro), e contactan coa lingua galega unicamente nas clases ou reforzos que reciben. As súas linguas iniciais non teñen garantida a aprendizaxe dentro do sistema educativo. Quedan relegadas exclusivamente ao ámbito familiar, xa que tampouco declaran un uso entre iguais durante os tempos de lecer (recreos e cambios de clase).

A pesar dos datos negativos, comprobamos que pode haber solución se hai vontade. O alumnado manifesta que comprende sen problema a lingua galega e mesmo se mostra favorable, na súa maioría (por riba do 80 % como media), a que se utilice o galego e se promova o seu uso no centro escolar. O alumnado procedente doutros países non manifesta ter dificultade para a comprensión do galego, aínda que si mostra dificultade obvia para poder falalo.

O profesorado e o persoal non docente declara que posúe como lingua inicial o castelán, lingua que tamén utiliza en maior proporción coas amizades, aínda que en niveis bastante igualados con relación ao galego. Na familia, en cambio, domina o uso de galego e o intermedio *máis castelán*.

No contexto docente, en cambio, empregan en maior grao o galego, sobre todo, na aula. Fóra das aulas, en cambio, mostran unha tendencia a empregar en maior proporción o castelán co alumnado, aspecto que non contribúe a normalizar a situación.

Manifestan posuír un nivel de competencia (percibida) alta sobre o galego, estarían dispostos a formarse, e tamén mostran maioritariamente unhas actitudes positivas para que se potencie o uso da lingua galega entre o estudantado.

Estamos, pois, ante un contexto sociolingüístico que non tería problemas en asumir a lingua galega como vehicular no centro, tanto por parte do alumnado como do profesorado. Se, como comprobamos nas enquisas, a decisión lingüística do profesorado determina na maioría dos casos a lingua do alumnado, pechando o círculo, obtemos que o compromiso do profesorado se percibe como unha peza clave para o labor normalizador, para a promoción dos usos comunicativos en lingua galega e para a mellora da competencia comunicativa en galego entre o alumnado.

Precisamos un profesorado comprometido ou cando menos que asuma de xeito profesional as tarefas deseñadas desde o centro e que, co seu labor, se poidan acadar resultados positivos entre o alumnado.

O profesorado que se expresa en castelán pode contribuír ao proceso de prestixio do galego desde a súa lexítima elección lingüística permitindo visualizar tamén o galego como lingua de comunicación.

O Equipo Directivo xoga un papel importante no proceso de normalización. É fundamental o seu apoio para manter o galego como lingua vehicular do centro e para proxectala aos outros ámbitos da comunidade educativa.

O noso centro educativo posúe un ecosistema favorable por defecto, á vista dos usos comunicativos principais, ao castelán. Neste sentido, non é alleo aos hábitos actuais da nosa sociedade. Con todo, non se mostra desfavorable para que se desenvolva con maior predominio a lingua galega. O seu nivel de dotación de recursos educativos en lingua galega parece bo e opera en termos de documentación, actividades extraescolares e carteleiras tamén en lingua galega, a vulgar polos datos do noso estudo.

Neste espazo, vemos que pode convivir alumnado con situacións sociolingüísticas ben distintas, xa que se percibe unha base de respecto e actitudes favorables a que mesmo se amplíen os usos comunicativos en lingua galega. Por parte do profesorado, existe tamén unha actitude favorable para que incluso se visualicen outras linguas diferentes ás oficiais en Galicia.

Parece necesario, pois, traballar para que a realidade do centro educativo sexa tratada convenientemente con diversas actividades de dinamización conducentes ao incremento dos valores e actitudes cara á lingua, que detallamos no seu apartado correspondente.

No concello de Soutomaíor predomina a lingua castelá en moitos dos ámbitos de desenvolvemento social habituais (médico, bancos, traballo, relacións coa veciñanza, amizades, etc.). En cambio, atopámonos nun contexto en que as entidades locais (concello e asociacións culturais, de veciños e empresariais) empregan o galego de forma maioritaria. O papel normalizador da lingua que xoga de acordo coa lei o concello como institución é moi importante, á vista dos datos que manexamos, e valórase como positivo.